

**DICIONARIO PRIMARIA  
CUMIO  
DA LINGUA GALEGA**

*Coordinador*

**Cándido Meixide Figueiras**

*Redacción*

**Rosa Escalante Castro**

**Avelino Hermida**

**Ramón Pais Martínez**

Director editorial: Cándido Meixide Figueiras

Primeira edición: marzo, 2016

Maquetación: Rosa Escalante Castro / Ramón Pais Martínez

© da edición

Edicións do Cumio, S. A.

Pol. ind. A Reigosa, parcela 19 - 36827 Ponte Caldelas, Pontevedra

Tel.: 986 761 045

cumio@cumio.gal / www.cumio.gal

© Reservados todos os dereitos

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-518-5

Impresión: Gráficas Lasa, S. L.

Depósito legal: VG 168-2016

Impreso en España

1. PRESENTACIÓN DAS ENTRADAS, DIFERENCIADAS CUN MAIOR TAMAÑO DE LETRA, POR ORDE ALFABÉTICA:

- **bombo** SUBSTANTIVO MASCULINO  
 1 Instrumento de percusión que consiste nun tambor de grandes dimensións que se toca batoendo nel cunhas mazas.  
 2 Músico que toca este instrumento.  
 3 Caixa redonda onde se mesturan, ao facela xirar, os papeis ou bólas que se usan nun sorteo.
- **bombón** SUBSTANTIVO MASCULINO  
 1 Doce pequeno de chocolate, que ás veces contén licor, crema ou outras cousas.  
 PL Bombóns.  
 FAM Bomboneira.
- **bombona** SUBSTANTIVO FEMININO  
 1 Recipiente metálico con forma de cilindro, de peche con válvula, para conter gas.
- **bondade** SUBSTANTIVO FEMININO  
 1 Calidade ou característica que presentan as persoas que son boas e comprensivas cos demais e que sempre están dispostas a facer o ben. *Antónimo: maldade.*  
 FAM Bondadoso.
- **bondadoso, bondadosa** ADXECTIVO  
 1 Que ten bondade ou actúa con bondade. *Antónimo: malvado.*

### 1.1 NAQUELES CASOS EN QUE O TERMO DA ENTRADA OFRECE TANTO A OPCIÓN MASCULINA COMA A FEMININA, ESPECIFÍCANSE AS DÚAS:

- **alérxico, alérxica** ADXECTIVO ↖  
 1 Que padece algunha alerxia.
- **pallaso, pallasa** SUBSTANTIVO ↖  
 1 Artista de circo que fai rir co seu traxe, ademáns e ditos.  
 2 Persoa que fai rir aos demais, ou que é pouco seria. *Sinónimo: bufón.*  
 FAM. Pallasada.

### 1.2 NAQUELES CASOS EN QUE O TERMO DA ENTRADA OFRECE DÚAS OPCIÓNS NORMATIVAS, NA SÚA ORDE ALFABÉTICA, ESPECIFÍCANSE AS DÚAS SEPARADAS POR UN “OU”:

- **carpintaría ou carpintería** SUBSTANTIVO FEMININO ↖  
 1 Taller do carpinteiro.  
 2 Oficio de carpinteiro.  
 3 Conxunto de todos os elementos de madeira dun edificio. EX. *A carpintaría dunha casa son as portas, as ventás etc. de madeira.*  
 FR. **Carpintaría** ou **carpintería de aluminio** A que traballa con aluminio.
- **amábel ou amable** ADXECTIVO ↖  
 1 Dise da persoa que é agradable e afable no trato cos demais, e da cousa que amosa esa actitude. *Sinónimos: atento, cordial, xentil.*  
 PL. *Amábeis, amables.*  
 FAM. Amabilidade.

## 2. ESPECIFICACIÓN DA CATEGORÍA GRAMATICAL:

- afondar** VERBO ↖  
 1 Facer que algo sexa máis profundo, en especial un buraco.  
 2 Estudar, examinar ou meditar moito para coñecer algo moi ben.  
 FAM. Afondamento.  
 CONX. Conxúgase coma *andar*.
- afónico, afónica** ADXECTIVO ↖  
 1 Dise da persoa que ten afonía. *Sinónimos: rouco, roufeño.*
- aforas** SUBSTANTIVO FEMININO PLURAL ↖  
 1 Espazo que está arredor dunha poboación ou cerca dela. *Sinónimos: alfoz, arrabalde, arredores, periferia, veciñanza.*
- capital** ADXECTIVO ↖  
 1 Que é de moita importancia ou grave. *Sinónimos: básico, decisivo, esencial, fun-*

### **damental, primordial.** *Antónimos: accesorio, secundario.*

- SUBSTANTIVO FEMININO ↖  
 2 Poboación onde se atopa o goberno dun país, dunha provincia, dunha comunidade autónoma etc. EX. *A capital de Alemaña é Berlín.*
- SUBSTANTIVO MASCULINO ↖  
 3 Conxunto de bens, como diñeiro, casas, animais etc., dunha persoa, grupo ou empresa. EX. *É unha familia con moito capital.*  
 PL. *Capitais.*

### 2.1 AS CATEGORÍAS GRAMATICAIS NON SE SINALAN CON ABREVIATURAS, SENÓN COA EXPRESIÓN ÍNTEGRA, EN FAVOR DUNHA MAIOR CLARIDADE. VELAQUÍ A LISTAXE DELAS:

ADVERBIO	NUMERAL	SUBSTANTIVO FEMININO PLURAL
ADXECTIVO	PREPOSICIÓN	SUBSTANTIVO MASCULINO
CONTRACCIÓN	PRONOME	SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO
CONXUNCIÓN	SUBSTANTIVO	SUBSTANTIVO MASCULINO PLURAL
INTERXECCIÓN	SUBSTANTIVO FEMININO	VERBO

#### 2.1.1 SINÁLANSE COMO “SUBSTANTIVO” AQUELAS PALABRAS QUE MARCAN A POSIBILIDADE DO DOBRE XÉNERO (MASCULINO E FEMININO) NA SÚA PROPIA FORMA:

- carpinteiro, carpinteira** SUBSTANTIVO ↖  
 1 Persoa que traballa na madeira. EX. *O carpinteiro puxo as ventás todas.*  
 FAM. Carpintaría, carpintería.
- náufrago, náufraga** SUBSTANTIVO ↖  
 1 Persoa que naufragou.

#### 2.1.2 SINÁLANSE, POLA CONTRA, COMO “SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO” AQUELAS PALABRAS QUE, TENDO A POSIBILIDADE DO DOBRE XÉNERO, NON A MARCAN NA SÚA FORMA:

- camarada** SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO ↖  
 1 Persoa que anda en compañía doutras con quen mantén lazos de amizade, de profesión, de costumes etc. *Sinónimo: compañeiro.*
- cantante** SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO ↖  
 1 Persoa que ten por profesión cantar.

Nestes dous casos a diferenza de xénero tense que especificar co determinante: o camarada/a camarada; este cantante/esta cantante.

### 2.1.3 NAQUELES CASOS EN QUE SE ESPECIFICAN DÚAS CATEGORÍAS GRAMATICAIS AO MESMO TEMPO INDÍCASE QUE A ACEPCIÓN DE QUE SE TRATA TEN AS DÚAS OPCIONS DE UTILIZACIÓN:

- ↙ ↘
- covarde** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO
- 1 Dise da persoa que non ten valor ou sente medo para se enfrontar a determinadas situacións, perigos etc. *Antónimos: animoso, ardido, aventurado, brioso, valente.*
- ADXECTIVO
- 2 Que amosa esa forma de ser ou de se comportar. **EX.** *Unhas palabras covardes.* *Antónimo: valente.*
- FAM.** Covardía.

Indica que pode funcionar tanto coma adxectivo coma substantivo masculino (*Pepe é un home covarde* ou *Pepe é un covarde*).

### 3. NUMERACIÓN CORRELATIVA DAS DISTINTAS ACEPCIÓNS:

- abandonar** VERBO
- 1 Deixar voluntariamente unha persoa de ter relación con outra, cun animal ou cunha cousa. *Sinónimo: desamparar.* *Antónimos: amparar, protexer.*
- 2 Marchar dun lugar.
- 3 **abandonarse** Descoidar unha persoa o seu aseo, o seu aspecto exterior ou as súas obrigas ou intereses. *Sinónimos: abandallarse, desleixarse.*
- FAM.** Abandonado, abandono.
- CONX.** Conxúgase coma *andar*.

No caso de existiren formas pronominais (**abandonarse**), márcanse con numeración propia, indicándose a palabra completa en letra máis grosa.

### 4. UTILIZACIÓN DO SÍMBOLO **EX.** PARA INTRODUCIR UN EXEMPLO DA ACEPCIÓN DE QUE SE TRATE:

- decisión** SUBSTANTIVO FEMININO
- 1 Escolla que se fai nunha situación dubidosa ou que ofrece varias posibilidades, logo dun exame previo. **EX.** *Obrigouno a tomar unha decisión.* *Sinónimos: resolución, determinación.*
- 2 Valor ou seguridade para facer algo sen dudar. **EX.** *Enfrontouse a el con decisión.* *Sinónimos: resolución, determinación.* *Antónimo: indecisión.*
- PL.** Decisións.

### 5. UTILIZACIÓN DO SÍMBOLO **OBS.** PARA ACHEGAR ALGÚN TIPO DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

- bola** SUBSTANTIVO FEMININO
- 1 Peza de pan redonda e de pouca altura.
- 2 Tipo de pan doce.
- **OBS.** Pronúnciase con “o” pechado.
- cá** CONTRACCIÓN
- 1 **Ver có, cá.**
- **OBS.** Cómpre non a confundir con *ca* (conxunción), que nunca leva acento gráfico.
- habitación** SUBSTANTIVO FEMININO
- 1 Acción de habitar algún lugar. **EX.** *Están pescudando canto tempo durou a habitación da dita familia no chalé do centro.*
- 2 Lugar ou edificio onde habitan, ou onde poden habitar, persoas ou animais. **EX.** *Nos arredores están construíndo unha habitación para xente sen fogar.*
- **OBS.** Nótese que non ten o significado de **cuarto** (cada unha das partes en que se divide unha vivenda), nin tampouco de **dormitorio**.
- PL.** Habitacións.

### 6. UTILIZACIÓN DO SÍMBOLO **FR.** PARA MARCAR PERÍFRASES, LOCUCIÓNS, FRASES FEITAS E SEMELLANTES:

- abeiro** SUBSTANTIVO MASCULINO
- 1 Lugar protexido contra os rigores do tempo, perigos etc. **EX.** *Buscaron un abeiro onde pasar a noite.* *Sinónimos: abrigadoiro, acubillo, abrigo, refuxio.*
- **FR.** **Ao abeiro de** Baixo a protección de.
- EX.** *Noutros tempos era habitual que os escritores escribisen ao abeiro dun nobre, ao que lle dedicaban as súas obras.*
- lombo** SUBSTANTIVO MASCULINO
- 1 Parte de atrás do tronco humano desde os ombros ata a cintura. *Sinónimo: costas.*
- 2 Parte de arriba dos animais que camiñan a catro patas, que vai desde o pescozo ata os cadrís.
- **FR.** **Ao lombo** Cargado sobre as costas. *Sinónimos: ao carrelo, ás costas.*
- FAM.** Lomba, lombeirada, lombeirazo, lumbago, lumbar.
- palleta** SUBSTANTIVO FEMININO
- 1 Peza de metal ou cana que levan na emboadura algúns instrumentos, coma a gaita, e que produce o son ao vibrar.
- **FR.** **Mollar a palleta** Beber un grollo de viño, ou doutra bebida.

7. UTILIZACIÓN DO SÍMBOLO **PL.** PARA MARCAR PLURAIS QUE PODEN RESULTAR DIFICULTOSOS PARA O ALUMNO OU ALUMNA:

**gángster** SUBANTIVO MASCULINO E FEMININO

1 Membro dunha banda que realiza negocios clandestinos e tamén outros delitos.

→ **PL.** Gángsteres ou gángsters.

8. UTILIZACIÓN DO SÍMBOLO **FAM.** PARA INTRODUCIR PALABRAS DA MESMA FAMILIA CA A ENTRADA:

**calumnia** SUBANTIVO FEMININO

1 Acusación falsa feita contra unha persoa para lle causar dano.

→ **FAM.** Calumniar, calumnioso.

**difícil** ADXECTIVO

1 Que custa moito esforzo facer, entender, arranxar etc. *Sinónimos:* **complicado**, **difícultoso**. *Antónimos:* **doado**, **fácil**.

**PL.** Difíciles.

→ **FAM.** Dificultade, dificultar, dificultoso.

9. UTILIZACIÓN DO SÍMBOLO **CONX.** PARA INDICAR EN CADA VERBO CAL É O SEU MODELO DE CONXUGACIÓN, QUE SE PODE CONSULTAR NO APÉNDICE DO DICIONARIO:

**fuxir** VERBO

1 Afastarse á présa de persoas, animais ou cousas, para evitar algo. *Sinónimo:* **escapar**.

2 Marchar de onde un está, principalmente cando se está preso. **EX.** *Fuxiron tres presos do cárcere.* *Sinónimo:* **escapar**.

**FAM.** Fuxida, fuxidío, fuxido, fuxitivo.

→ **CONX.** Ver modelo de conxugación.

**sobresaltar** VERBO

1 Provocar ou experimentar temor, sobresalto, medo ou desacougo.

**FAM.** Sobresalto.

→ **CONX.** Conxúgase coma *andar*.

10. NUMERACIÓN PARA DISTINGUIR AS ENTRADAS DO DICIONARIO QUE TEÑEN UNHA ORIXE DISTINTA E DISTINTO SIGNIFICADO, PERO QUE SE ESCRIBEN IGUAL:

→ **cala<sup>1</sup>** SUBANTIVO FEMININO

1 Pequena entrada do mar na costa.

→ **cala<sup>2</sup>** SUBANTIVO FEMININO

1 Parte, no interior dun buque, situada debaixo da cuberta.

→ **embalar<sup>1</sup>** VERBO

1 Envolver os obxectos que se desexan transportar facendo balas, fardos ou paquetes.

**EX.** *Embala ben os libros que vaías levar.*

**FAM.** Embalaxe.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

→ **embalar<sup>2</sup>** VERBO

1 Imprimirlle velocidade a un vehículo ou motor. **EX.** *Embalou o coche pola autoestrada.*

2 **embalarse** Coller gran velocidade un corredor ou un móbil. **EX.** *Embouse na bici pola pendente.*

3 **embalarse** Facer algo á présa. **EX.** *Fala amodo, non te embales.*

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

11. ESPECIFICACIÓN DE SINÓNIMOS E ANTÓNIMOS, EN CURSIVA E LETRA MÁIS GROSA:

**obesidade** SUBANTIVO FEMININO

1 Exceso de peso por acumulación no corpo de máis graxas do normal. *Antónimo:* **fraqueza**.

→

**opinar** VERBO

1 Dicir o que se pensa sobre certo asunto. *Sinónimos:* **coidar**, **considerar**, **crer**, **pensar**.

→

**FAM.** Opinión.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

12. REMISIÓN, COA EXPRESIÓN “**Ver**” MARCADA EN LETRA MÁIS GROSA, A OUTRA ENTRADA SINÓNIMA NUNHA OU VARIAS ACEPCIÓNS:

**crédito** SUBANTIVO MASCULINO

1 Préstamo que alguén ou algunha entidade concede para que se devolva, xunto cos xuros, en determinado prazo ou prazos.

2 Cantidade prestada. **EX.** *O banco concedulle un crédito dun millón de euros.*

→

3 **Ver creto**.

**creto** SUBANTIVO MASCULINO

1 Reputación ou fama de que goza unha persoa ou algo que ten prestixio. *Sinónimo:* **crédito**.

# Diccionario

etc. **EX** Como non lle cabían nas mans, usou a aba para traer as mazás que atopou na horta. **Sinónimo:** *faldra*.

**2** Parte inferior do chapeu, que rodea a copa.

**3** Parte inferior dunha montaña. **Sinónimos:** *faldra*, *pé*.

**ábaco** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Marco de madeira con cordas ou arames paralelos polos que se moven unhas bólas enfiadas, que se usa para contar e para realizar cálculos aritméticos.

**2** Peza que coroa o capitel dunha columna.

**abade** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Relixioso superior que goberna un mosteiro ou convento.

**2** Párroco dunha igrexa. **Sinónimos:** *crego*, *cura*.

**FAM** Abadesa, abadía.

**abadexo** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Peixe mariño de cabeza grande, corpo cilíndrico e longo e cor verdosa no lombo e prateada nos costados. É comestible.

**abadía** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Mosteiro gobernado por un abade ou unha abadesa.

**2** Casa do cura párroco. **Sinónimo:** *reitoral*.

**abafante** ADXECTIVO

**1** Que fai difícil a respiración.

**2** Que cheira moi mal. **Sinónimo:** *fedorento*.

**abafar** VERBO

**1** Dificultar ou impedir a respiración dun ser vivo. **Sinónimos:** *acorar*, *afogar*, *asfixiar*, *atafegar*, *sufocar*.

**2** Cubrir de bafo. **Sinónimos:** *embazar*, *empanar*. **Antónimos:** *desabafar*, *desembazar*.

**3** Molestar de forma insistente a outra persoa para conseguir algo dela. **Sinónimo:** *acosar*.

**4** Respirar con dificultade. **Sinónimos:** *acorar*, *afogar*, *asfixiarse*, *atafegarse*, *sufocarse*. **Antónimo:** *desabafar*.

**5** Cheirar mal. **Sinónimos:** *apestar*, *feder*.

**FAM** Abafado, abafador, abafamento, abafante, abafo.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abaixar** VERBO

**1** Inclinar cara a abaixo, especialmente cando se trata da cabeza. **EX** Abaixou a cabeza en sinal de aprobación. **Sinónimo:** *baixar*.

**2** *abaixarse* Dobrar o corpo, acompañando moitas veces este movemento coa inclinación da cabeza cara a abaixo. **EX** Era tan alto

que tivo que se abaixar para pasar polo buraco. **Sinónimos:** *baixarse*, *inclinarse*.

**3** *abaixarse* Humillarse, someterse ante algo ou alguén. **Sinónimo:** *baixarse*.

**FR** *Abaixar a orela* Obedecer sen replicar.

**FAM** Abaixamento.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abaixo** ADVERBIO

**1** Nun lugar inferior en relación co lugar onde se atopa o falante. **EX** Deixei o coche abaixo, na rúa. **Sinónimo:** *embaixo*. **Antónimo:** *arriba*.

**2** En dirección descendente. **EX** Caeu e foi a rolos costa abaixo. **Antónimo:** *arriba*.

**FR** *Botar abaixo* Derrubar, destruír algo.

**abalanzarse** VERBO

**1** Botarse sobre algo ou alguén con violencia. **Sinónimos:** *lanzarse*, *saltar*.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abalar** VERBO

**1** Mover dun lado para o outro sen sacar do sitio. **Sinónimos:** *abandar*, *abanear*, *acanear*, *balancear*, *bambear*, *tremar*.

**2** Mover o berce para que durma o neno ou se calme. **Sinónimos:** *abandar*, *arrolar*.

**FAM** Abaladura, abalamento, abalo, abaloira, abalón.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abalo** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Acción que provoca que un corpo se mova cara aos lados sen se mover do sitio, e ese propio movemento. **EX** Dálle un abalo á árbore e verás como caen os pexegos. **Sinónimos:** *abaneo*, *acaneo*, *balance*, *balanceo*, *bamboo*.

**abandar** VERBO

**1** Dar aire cun abano ou cun obxecto semellante. **Sinónimo:** *abanicar*.

**2** Mover dun lado para o outro sen sacar do sitio. **Sinónimos:** *abalar*, *abanear*, *acanear*, *balancear*, *bambear*.

**3** Mover o berce para que durma o neno ou se calme. **Sinónimos:** *abalar*, *arrolar*.

**FAM** Abanador, abanadura.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abandonar** VERBO

**1** Deixar voluntariamente unha persoa de ter relación con outra, cun animal ou cunha cousa. **Sinónimo:** *desamparar*. **Antónimos:** *amparar*, *protexer*.

**2** Marchar dun lugar.

**3** *abandonarse* Descoidar unha persoa o seu aseo, o seu aspecto exterior ou as súas

obrigas ou intereses. **Sinónimos:** *abandallarse*, *desleixarse*.

**FAM** Abandonado, abandono.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abandono** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Feito de deixar voluntariamente unha persoa de ter relación con outra, cun animal ou cunha cousa. **Sinónimo:** *desamparo*.

**2** Feito de deixar un lugar ou de non continuar cun costume ou cunha actividade. **EX** Unha lesión na perna provocou o abandono do corredor.

**3** Feito de descoidar unha persoa o seu aseo, o seu aspecto exterior ou as súas obrigas ou intereses.

**abanear** VERBO

**1** Mover dun lado para o outro sen sacar do sitio. **Sinónimos:** *abalar*, *abandar*, *acanear*, *balancear*, *bambear*, *tremar*.

**2** Axitarse con movementos repetidos e involuntarios. **EX** Paseino tan mal que abaneaba co medo.

**FAM** Abaneo.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abánico** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Abano.

**FAM** Abanicar.

**abano** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Instrumento que serve para dar aire. Adoita ser pregable, de tea ou papel pegados a unhas varíñas que, por estaren unidas nun dos seus extremos, forman un semicírculo ao se abrir. **Sinónimo:** *abanico*.

**2** Instrumento para dar aire ou avivar o lume. Está feito de palla ou de varas delgadas e flexíbeis entretecidas, e ten un mango por onde agarralo. **Sinónimo:** *abanico*.

**3** Conxunto de cousas diversas, pero con características comúns, entre as que é posible escoller. **EX** Nos nosos almacéns atopará vostede un amplo abano de produtos. **Sinónimo:** *abanico*.

**FAM** Abanear, abanico.

**abaratar** VERBO

**1** Diminuír o prezo dunha cousa. **Sinónimo:** *baixar*. **Antónimo:** *subir*.

**FAM** Abaratamento.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abracar** VERBO

**1** Rodear cos brazos ou coa man. **Sinónimos:** *abranguer*, *abrazar*, *cinguir*.

**2** Incluír unha cousa dentro dos seus límites outra. **EX** A reserva abarcaba quiló-

metros e quilómetros de selva. **Sinónimo:** *abranguer*.

**3** Alcanzar coa vista unha grande extensión de terreo. **EX** Desde a torre abarcábase toda a cidade. **Sinónimo:** *abranguer*.

**4** Ocuparse alguén de varias cousas ao mesmo tempo. **EX** Tanto quere abarcar que ao final sempre o deixa todo sen facer. **Sinónimo:** *abranguer*.

**FAM** Abarcábel, abarcable.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abastecemento** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Acción de vender ou de poñer unha cousa a disposición de quen a necesite, ou de facer provisión de todo aquilo que se considera necesario. **EX** A folga de camioneiros impediu o abastecemento dos mercados. **Sinónimos:** *abasto*, *aprovisionamento*.

**abastecer** VERBO

**1** Dar, vender ou poñer algunha cousa a disposición de quen a necesite. **EX** O acueduto romano abastecía de auga a cidade. **Sinónimos:** *aprovisionar*, *prover*, *fornecer*. **Antónimo:** *desabastecer*.

**2** *abastecerse* Facer provisión daquilo que se considera necesario. **EX** Entrou na tenda e abastecouse de alimentos para pasar o inverno. **Sinónimos:** *aprovisionarse*, *proverse*.

**FAM** Abastecedor, abastecemento.

**CONX** Conxúgase coma *varrer*.

**abater** VERBO

**1** Tirar polo chan. **EX** O temporal abateu a parede. **Sinónimo:** *derrubar*.

**2** Matar a unha persoa ou un animal de forma violenta, caendo a vítima ao chan.

**3** Inclinar ou tombar algo ata poñelo en posición horizontal ou case horizontal. **EX** Abater o asento do coche.

**4** Facer perder o ánimo ou as forzas. **EX** Aquela mala noticia abateuno todo. **Sinónimos:** *aplanar*, *chafar*.

**FAM** Abatemento, abatíbel, abatible, abatido.

**CONX** Conxúgase coma *varrer*.

**abatíbel ou abatible** ADXECTIVO

**1** Que se pode abater. **EX** Cama abatible.

**PL** Abatíbeis, abatibles.

**abdicar** VERBO

**1** Renunciar unha persoa de xeito voluntario a un cargo ou a un dereito.

**FAM** Abdicación.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**abdome** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Parte do corpo dos animais vertebrados que



contén o estómago, os intestinos e outros órganos. No ser humano, o abdome está situado entre o peito e a cadeira.

**2** Parte de atrás do corpo de diversos animais, como insectos e crustáceos, situada a continuación do tórax.

**PL.** ▶ Abdomes.

**FAM.** ▶ Abdominal.

### abecedario SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Conxunto ordenado de todas as letras dunha lingua. *Sinónimos:* **abecé, alfabeto.**

### abeirar VERBO

**1** Achegar á beira. **EX.** ▶ *Abeirouse tanto que caeu á auga.*

**2** Protexer do tempo, dun perigo, dun mal etc. **EX.** ▶ *Comezou a chover e tivemos que abeirarnos nun portal.* *Sinónimos:* **abrigar, amparar, gorecer, resgardar.**

**3** Estar á beira de. **EX.** ▶ *Os carballos abeiran a corredoira.* *Sinónimo:* **borderar.**

**FAM.** ▶ Abeiro.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

### abeiro SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Lugar protexido contra os rigores do tempo, perigos etc. **EX.** ▶ *Buscaron un abeiro onde pasar a noite.* *Sinónimos:* **abrigadoiro, acubillo, abrigo, refuxio.**

**FR.** ▶ *Ao abeiro de* Baixo a protección de.

**EX.** ▶ *Noutros tempos era habitual que os escritores escribisen ao abeiro dun nobre, ao que lle dedicaban as súas obras.*

### abelá SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Froito da abeleira. Ten unha casca dura de forma arredondada e cor marrón que encerra no seu interior unha semente comestible.

**PL.** ▶ Abelás.

**FAM.** ▶ Abeledo, abeleira.

### abeleira SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Arbusto de madeira dura e folla caduca en forma de corazón, que dá como froito a abelá. *Sinónimo:* **abraira.**

### abella SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Insecto voador. Vive en enxames no oco das árbores, entre as rochas ou nas colmeas que as persoas fan para elas. Recolle o néctar e o pole das flores e con eles produce mel e cera.

**FAM.** ▶ Abellariza, abelleira, abelleiro, abellón.

### abelleira SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Colmea.

### abellón SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Insecto semellante a unha avésa, pero bastante máis grande. *Sinónimos:* **abáboro, abázcaro.**

**2** Macho da abella. *Sinónimos:* **abáboro, abázcaro.**

**3** Insecto semellante á abella, pero máis grande. Fai moito ruído ao voar. *Sinónimo:* **abesouro.**

**PL.** ▶ Abellóns.

### abelorio SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Cada unha das boliñas furadas, de vidro ou doutro material, con que se adornan traxes e se fan colares, pulseiras etc. *Sinónimo:* **doa.**

**2** Adorno de pouco valor.

### aberto, aberta ADXECTIVO

**1** Dise do que non está cerrado, valado etc. *Antónimos:* **cerrado, pechado.**

**2** Dise da persoa á que lle resulta moi fácil relacionarse cos demais. *Antónimos:* **cerrado, pechado.**

**3** Dise do son ou da vogal que se pronuncian afastando a lingua do padal para que o aire teña unha maior abertura pola que saír. **EX.** ▶ *Hai que pronunciar “bóla” con “o” aberto, pero “bola” pronúnciase con “o” pechado.* *Antónimo:* **pechado.**

### abertura SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Oco, espazo aberto que existe nunha superficie. **EX.** ▶ *Os presos fixeron no muro do cárcere unha abertura pola que fuxir.*

### abesouro SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Ver **abellón.**

### abestarse

**1** Facerse semellante ás bestas. *Sinónimo:* **embrutecerse.**

### abeto SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Árbore de tronco dereito e alto, copa en forma de cono, ramas horizontais, follas perennes en forma de agulla e piñas longas, case cilíndricas. Coa súa madeira fanse mobles, e coas ramas adornadas utilízase tamén como árbore de Nadal.

### abismo SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Lugar da terra ou do mar moi profundo. **EX.** ▶ *Non te achegues ao bordo do barranco, que podes caer ao abismo.*

**2** Diferenza moi grande que existe entre persoas, cousas ou ideas. **EX.** ▶ *Había sempre un abismo entre a súa forma de falar e de actuar.*

**FAM.** ▶ Abismal.

### aboar VERBO

**1** Demostrar que unha cousa é certa ou boa. **EX.** ▶ *O descubrimento arqueolóxico aboaba a súa teoría.* *Sinónimo:* **acreditar.**

**2** Pagar aquilo que se debe. **EX.** ▶ *Tivo que aboar a taxa do lixo.*

**OBS.** ▶ Non se debe confundir con **abonar.**

**FAM.** ▶ Aboador, aboamento.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

### abofé ADVERBIO

**1** De verdade, sen dúbida. **EX.** ▶ *Abofé que remataremos este traballo o venres.* *Sinónimo:* **a fe.**

### aboirar VERBO

**1** Manterse unha cousa ou unha persoa na superficie dun líquido. *Sinónimo:* **flotar.**

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

### abolición SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Acción de facer que unha lei, unha norma ou un costume deixen de ser válidos. **EX.** ▶ *Os manifestantes pedían a abolición da pena de morte.* *Sinónimos:* **derrogación, supresión.**

**PL.** ▶ Abolicións.

### abolir VERBO

**1** Facer que unha lei, unha norma ou un costume deixen de ser válidos. *Sinónimos:* **anular, suprimir.**

**FAM.** ▶ Abolición.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *partir*.

### abominábel ou abominable ADXECTIVO

**1** Que provoca tal horror por malo e terrible que merece ser aborrecido e rexeitado. *Sinónimos:* **atroz, horribel, horrible, monstruoso.**

**PL.** ▶ Abominábeis, abominables.

### abonamento SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Acción de adquirir o dereito de asistir periodicamente a un determinado espectáculo ou de recibir un servizo a cambio dunha cantidade de diñeiro. **EX.** ▶ *Xa fixen o abonamento para recibir o periódico na casa durante un ano.* *Sinónimo:* **abono.**

**OBS.** ▶ Non se debe confundir con **aboamento.**

### abonar VERBO

**1** Obter o dereito de asistir periodicamente a un determinado espectáculo ou de recibir un servizo a cambio dunha cantidade de diñeiro. **EX.** ▶ *Abonouse a un club de astronomía.*

**OBS.** ▶ Non se debe confundir con **aboar.**

**FAM.** ▶ Abonamento, abonado, abono.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

### abondar VERBO

**1** Ser suficiente. *Sinónimo:* **bastar.**

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

### abondo, abonda INDEFINIDO

**1** Que é suficiente. **EX.** ▶ *Deixoulle cartos abondos para que fose mercar á tenda.* *Sinónimos:* **bastante, suficiente.**

### ADVERBIO

**2** **abondo** En cantidade que chega. **EX.** ▶ *Non botes máis, que xa hai abondo.* *Sinónimos:* **bastante, dabondo, suficiente.**

**FAM.** ▶ Abondar, abondoso.

### abono SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Abonamento.

**2** Dereito que se adquire ao abonar ou aboñarse a algo.

**3** Lote de billetes ou entradas que permiten o uso periódico dalgún servizo ou instalación, ou o acceso a unha serie de espectáculos.

**EX.** ▶ *Retirar un abono para o teatro.*

**OBS.** ▶ É incorrecto o uso desta palabra co significado de **fertilizante.**

### abordar VERBO

**1** Arrimar ou chocar unha embarcación con outra.

**2** Arrimar unha embarcación ao peirao ou embarcadiro. *Sinónimo:* **atracar.**

**3** Achegarse a unha persoa para falar con ela.

**4** Empezar un asunto ou negocio que non son doados, ou tratar unha cuestión que se considera difícil.

**FAM.** ▶ Abordábel, abordable, abordaxe.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

### abordaxe SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Acción de arrimar ou chocar unha embarcación con outra, en ocasións coa intención de a asaltar.

### aborixe ADXECTIVO

**1** Que naceu ou é propio do lugar onde vive. **EX.** ▶ *A fauna aborixe do Amazonas é moi variada.* *Sinónimos:* **autóctono, nativo.**

### SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO

**2** Persoa que naceu no país onde vive. **EX.** ▶ *Cando baixamos do barco, preguntámoslle a un aborixe polo lugar que buscabamos.* *Sinónimos:* **indixena, nativo.**

**PL.** ▶ Aborixes.

### aborrecer VERBO

**1** Producir ou sentir odio, noxo, repugnancia, fastio etc. **EX.** ▶ *As películas de guerra aborrecenme. Aborrezo as películas de guerra.* *Sinónimos:* **abominar, anoxar, odiar, enfastiar, estoxar.**

**FAM.** ▶ Aborrecíbel, aborrecible, aborrecido.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *varrer*.

### abortar VERBO

**1** Parir antes de tempo, cando o feto aínda non está totalmente formado e non pode sobrevivir, ou expulsar o feto xa morto. Pódese

abortar por causas naturais ou pódese provocar o aborto.

**2** Fracasas, ou impedir que se realice, algunha cousa. **EX** ▶ *O piloto abortou o intento de secuestro do avión.*

**FAM** ▶ Aborto.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abotoar VERBO

**1** Prender con botóns, introducindo cada un no seu ollal. **Sinónimo:** **abrochar**. **Antónimos:** **desabotoar, desabrochar**.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abouzar VERBO

**1** Aparvar a alguén con ruidos e berros. **Sinónimos:** **axordar, enxordecer**.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abraiar VERBO

**1** Provocar ou sentir admiración, asombro, perplexidade etc. **Sinónimos:** **asombrar, encandear, marabillar, pasmar**.

**FAM** ▶ Abraiante, abraio.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abraio SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Grande impresión producida por algo inesperado, inusual, estraño etc. **EX** ▶ *O mago provocou o abraio do público cos seus trucos tan increíbles.* **Sinónimos:** **asombro, pasmo**.

#### abrandar VERBO

**1** Poñer branda unha cousa. **Sinónimos:** **amolentar, amolecer**. **Antónimo:** **endurecer**.

**2** Minguar a intensidade de algo ou a dureza de algo ou alguén. **EX** ▶ *Abrandouno cos seus choros e conseguiu que non o castigase.* **Sinónimos:** **amolecer, amolentar, afrouxar**. **Antónimo:** **endurecer**.

**FR** ▶ **Abrandar as pedras** Conmover. **EX** ▶ *Choraba de tal xeito que abrandaba as pedras.*

**FAM** ▶ Abrandamento.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abranquer VERBO

**1** Rodear cos brazos ou coa man. **Sinónimos:** **abarcar, abrazar, cinguir**.

**2** Alcanzar coa vista unha grande extensión de terreo. **EX** ▶ *Desde o alto da muralla os defensores do castelo abranquían todo o val.* **Sinónimo:** **abarcar**.

**3** Incluír unha cousa dentro dos seus límites outra. **EX** ▶ *Os seus coñecementos abranquen todas as ciencias.* **Sinónimos:** **abarcar, comprender**.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *varrer*.

#### abrasar VERBO

**1** Queimar algo ata que quede reducido a brasas.

**2** Producir unha calor excesiva ou estar algo moi quente. **EX** ▶ *Tivo que poñerse á sombra porque o sol abrasaba. A comida aínda abrasa, agarda a que arrefría.*

**3 abrasarse** Sentir unha calor abafante. **EX** ▶ *Con tanta xente, abrásome dentro da sala.*

**FAM** ▶ Abrasador, abrasante.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abrazar VERBO

**1** Rodear cos brazos. **Sinónimos:** **abarcar, abranquer, cinguir**.

**2** Adoptar unha idea, unha conduta ou unha relixión. **EX** ▶ *Abrazou o cristianismo cando tiña corenta anos de idade.*

**FAM** ▶ Abrazadeira, abrazo.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abrazo SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Acción de abrazar, de apertar entre os brazos unha persoa ou cousa como sinal de amizade, cariño etc. **Sinónimo:** **aperta**.

#### abrelatas SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Utensilio que se utiliza para abrir latas ou botes de conservas. **EX** ▶ *Probou tamén co abrelatas, pero non conseguiu abrir o bote.* **Sinónimo:** **abridor**.

**PL** ▶ Abrelatas.

#### abreviar VERBO

**1** Facer que algo sexa máis breve. **Sinónimos:** **acurtar, reducir**. **Antónimo:** **alongar**.

**FAM** ▶ Abreviación, abreviatura.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *eloxiar*.

#### abreviatura SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Letra ou conxunto de letras seguidas dun punto que se empregan para representar unha palabra completa. **EX** ▶ *Coas abreviaturas “p.” e “páx.” podemos substituír a palabra “páxina”.*

#### abridor SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Instrumento que serve para lles tirar os tapóns ou rollas de metal ás botellas.

**2** Abrelatas.

**3** Sacarrollas.

#### abrigar VERBO

**1** Protexer do mal tempo. **Sinónimos:** **abeirar, gorecer**.

**2** Ter determinados desexos, ideas ou sentimentos. **EX** ▶ *Abrigaba a esperanza de que lle tocase a quiniela.*

**FAM** ▶ Abrigadoiro.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abrigo SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Peza de vestir que se pon por riba da outra roupa para se defender do frío. Ten mangas longas, abróchase por diante e chega ata máis abaixo dos xeonllos. **Sinónimo:** **gabán**.

**2** Lugar protexido contra o mal tempo. **EX** ▶ *A cabana tiña tantos buracos que non lles serviu de abrigo.* **Sinónimos:** **abeiro, abrigadoiro, acubillo, refuxio**.

**FAM** ▶ Abrigoso.

#### abril SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Cuarto mes do ano, entre marzo e maio. Ten 30 días.

**PL** ▶ Abrís.

**FAM** ▶ Abrileiro.

#### abrilantiar VERBO

**1** Darlle brillo a algo, ou facer que brille aínda máis.

**FAM** ▶ Abrillantador.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abrir VERBO

**1** Retirar aquilo que tapa unha abertura, ou mover o mecanismo que cerra unha porta, unha ventá, o paso dun gas ou dun líquido por un conduto etc. **Antónimos:** **cerrar, pechar**.

**2** Separar o que está pregado, encollido ou reunido. **EX** ▶ *Abriu os beizos. Abriu os ollos. Abre o libro pola metade.* **Antónimo:** **cerrar**.

**3** Facer unha fenda ou unha abertura de xeito que quede ao descuberto o interior dunha cousa. **EX** ▶ *Abriron a sandía co coitelo.*

**4** Romper ou desapegar un envoltorio.

**5** Tornarse claro o día ou o ceo. **EX** ▶ *Choveu toda a mañá, pero abriu pola tarde.* **Antónimo:** **cerrar**.

**FR** ▶ **Abrir a boca** Bocexar a consecuencia da fame, do sono ou do aburrimiento. **Abrir o día** Amencer.

**FAM** ▶ Abrente, abrideiro, abridor.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *partir*.

#### abrichar VERBO

**1** Prender ou suxeitar con broches, botóns, corchetes etc., especialmente a roupa de vestir. **Sinónimo:** **abotoar**. **Antónimos:** **desabotoar, desabrochar**.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

#### abrocho SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Pequeno vulto que lles sae aos vexetais no talo ou nas pólas, de onde nacen novas pólas, follas ou flores. **Sinónimos:** **brote, gomo, rebento, xema**.

#### abruñeiro SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Arbusto espiñento, de flores brancas, semellante á ameixeira. Hai especies cultivadas e especies silvestres. O seu froito é o abruño.

#### abruño SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Froito do abruñeiro. É pequeno, de forma arredondada e cor negra, amarela ou vermella. Ten sabor acedo ou doce dependendo de se o abruñeiro é bravo ou cultivado, respectivamente.

**FAM** ▶ Abruñal, abruñado, abruñeiro.

#### abrupto, abrupta ADXECTIVO

**1** Dise do terreo ou camiño irregular ou moi pendente. **EX** ▶ *Chegábase ao cumio da montaña subindo por unha costa moi abrupta.* **Sinónimos:** **áspero, escabroso, escarpado, esgrevio, fragoso**. **Antónimos:** **chairo, chan**.

**2** Dise da persoa de carácter áspero, rudo, violento. **EX** ▶ *Tiña tal carácter abrupto que se levaba mal con todo o mundo.*

#### ábsida SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Construción xeralmente semicircular, cuberta cunha bóveda, que sobresa da fachada posterior dun templo. Na ábsida é onde está situado o altar maior.

#### absolución SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Acción que consiste en declarar un tribunal ou un xuíz que alguén que estaba acusado de cometer un delito é inocente.

**2** Acción con que o sacerdote lle perdoa os seus pecados á persoa que se acaba de confesar.

**PL** ▶ Absolucións.

#### absoluto, absoluta ADXECTIVO

**1** Que é completo, sen restricións ou límites. **EX** ▶ *O poder dos ditadores é absoluto.*

**2** Que está considerado en si mesmo, sen o comparar con ningunha outra cousa. **EX** ▶ *Unha verdade absoluta.* **Antónimo:** **relativo**.

**FR** ▶ **En absoluto** **1** Completamente. **EX** ▶ *Penso botarme a descansar e non facer nada en absoluto.* **2** De ningunha maneira. **EX** ▶ *Claro que non me importa facerlle o favor, en absoluto.*

#### absolver VERBO

**1** Declarar un tribunal ou un xuíz que alguén que estaba acusado dun delito é inocente. **Antónimo:** **condenar**.

**2** Perdoarlle un sacerdote os pecados á persoa que se acaba de confesar.

**FAM** ▶ Absolto, absolución.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *varrer*.

**absorber** VERBO

1 Atraer cara ao interior unha substancia, como un líquido ou un gas, e retela dentro.

**EX** > *Este pano vai vello, xa non absorbe ben a auga.*

2 Ocupar por enteiro o tempo ou a atención dunha persoa. **EX** > *A lectura absórbeo de tal xeito que non se decata do que pasa ao seu redor.*

**FAM** > Absorbente, absorción, absorto.

**CONX** > Conxúgase coma *varrer*.

**absorto, absorta** ADXECTIVO

1 Que está completamente entregado a un pensamento, contemplación ou actividade, de forma que é incapaz de atender a todo o demais. **EX** > *Vina tan absorta lendo o xornal que non a saudei para non a molestar.*

**abstención** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción que consiste na renuncia voluntaria dunha persoa a participar en algo, sobre todo nunha votación.

**PL** > *Abstencións.*

**absterse** VERBO

1 Renunciar unha persoa voluntariamente a facer ou dicir algo, ou a participar nalgunha cousa.

**FAM** > Abstención, abstinencia.

**CONX** > Conxúgase coma *ter*.

**abstracto, abstracta** ADXECTIVO

1 Que non é material e, xa que logo, non se pode tocar, pois carece de existencia propia e independente. A bondade, a maldade, a xustiza, o amor ou a beleza son ideas abstractas. **Antónimo:** **concreto**.

2 Que non representa o real, aínda que se basee na realidade. **EX** > *Unha pintura abstracta.*

**abstraer** VERBO

1 Illar co pensamento algunha calidade dun obxecto para a considerar por separado do mesmo obxecto en que existe. **EX** > *O profesor pediulle ao alumno que abstraese a idea principal do que acababa de ler.*

2 **abstraerse** Concentrarse no propio pensamento, illándose do mundo exterior.

**FAM** > Abstracción, abstracto.

**CONX** > Conxúgase coma *caer*.

**absurdo, absurda** ADXECTIVO

1 Que non cadra co sentido ou a razón. **EX** > *Contounos unha historia do máis absurda, que ningún lle creu.* **Antónimos:** **lóxico, racional**.

## SUBSTANTIVO MASCULINO

2 **absurdo** Dito ou feito contrarios ao que

se considera razoable. **EX** > *Cala xa e non digas máis absurdos, que te estás poñendo en ridículo.*

**abundante** ADXECTIVO

1 Que existe en gran cantidade. **Antónimo:** **escaso**.

**abundar** VERBO

1 Haber algo en gran cantidade. **EX** > *En Galicia abundan as fontes.* **Antónimo:** **escasear**.

**OBS** > Non se debe confundir con **abondar** (=bastar).

**FAM** > Abundancia, abundante.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**aburrimiento** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Sensación de cansazo ou desgana que se sente por non atopar algo que sirva para divertirse ou distraerse. **Sinónimo:** **fastio**. **Antónimos:** **distracción, diversión**.

**aburrir** VERBO

1 Provocar algo ou alguén cansazo ou falta de interese noutra persoa. **Antónimos:** **distráer, divertir, entreter**.

**FAM** > Aburrido, aburrimiento.

**CONX** > Conxúgase coma *partir*.

**abusar** VERBO

1 Facer un uso excesivo, inxusto ou indebido dunha cousa.

2 Aproveitarse da ignorancia, boa fe, inxenuidade, confianza etc. doutra persoa.

**FAM** > Abusivo, abuso, abusón.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**abuso** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Uso inapropiado, indebido ou excesivo de algo. **EX** > *O abuso de sal nas comidas non é bo.*

2 Práctica inxusta ou deshonesta contra alguén. **EX** > *Abuso de poder. Abuso sexual.*

**aca** ADVERBIO

1 Indica un lugar próximo á persoa que fala, pero con máis imprecisión ca *aquí*. **EX** > *Estamos acá desde o martes.*

**acabado, acabada** ADXECTIVO

1 Que xa está feito e rematado.

2 Que xa vai vello e gastado.

## SUBSTANTIVO MASCULINO

3 **acabado** Aspecto definitivo que presenta unha cousa logo de ser construída ou traballada. **EX** > *Puliu a pedra ata conseguir o acabado que buscaba.*

**acabar** VERBO

1 Darlle fin a algo, ou chegar algo ao seu fin. **EX** > *Hoxe acabamos o traballo que temos*

pendente. *A película acabou.* **Sinónimos:** **concluir, finalizar, terminar**. **Antónimos:** **comezar, empezar, iniciar, principiar**.

2 Non deixar ou non quedar nada dalgunha cousa. **EX** > *Acabáronse os caramelos.* **Sinónimo:** **terminar**.

**FAM** > Acabado, acabamento.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**acacia** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Arbusto ou árbore de folla caduca, flores olorosas amarelas ou brancas que forman acios colgantes e follas pequenas e aguzadas. Hai distintas especies, algunhas delas con espiñas.

**acadar** VERBO

1 **Ver alcanzar**.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**academia** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Centro privado onde se imparten clases de diversas materias soltas.

2 Sociedade formada por científicos, escritores ou artistas. **EX** > *A Real Academia Galega fundouse en 1905.*

3 Centro docente para a formación de artistas, militares etc.

**FAM** > Académico.

**académico, académica** ADXECTIVO

1 Que pertence a unha academia ou ten relación con ela.

## SUBSTANTIVO

2 Persoa que é membro dunha academia.

**acalar** VERBO

1 Facer que cesen as voces, os choros, os rúidos etc. **EX** > *Acala o neno que está chorando.*

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**acalorar** VERBO

1 Causarlle calor a alguén ou sentir alguén calor a causa dun esforzo excesivo.

2 Excitar viva e violentamente o ánimo de alguén. **EX** > *Non se pode discutir con el porque deseguida se acalora.* **Sinónimo:** **acender**.

3 Aumentar a forza ou a violencia dunha disputa, discusión ou algo semellante. **EX** > *As súas palabras acaloraron aínda máis a discusión.* **Sinónimos:** **acender, caldear**.

**FAM** > Acaloramento.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**acampar** VERBO

1 Instalar no campo en tendas de campaña de forma provisional.

**FAM** > Acampada.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**acaneo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Abalo.

**FAM** > Acanear.

**acantilado** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Costa con caída en vertical sobre o mar. **Sinónimo:** **cantil**.

**acantoar** VERBO

1 Poñer nun lugar apartado. **Sinónimo:** **acurrunchar**.

2 Perseguir ou facer ir un ser vivo ata un sitio do que non poida escapar. **EX** > *Os cazadores acantoaron o raposo.* **Sinónimo:** **acurralar**.

**OBS** > Non se debe confundir con **acantonar**.

**FAM** > Acantoamento.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**acantonar** VERBO

1 Distribuír e aloxar os soldados en diversos lugares. **EX** > *Acantonaron as tropas na vila.*

**OBS** > Non se debe confundir con **acantoar**.

**FAM** > Acantonamento.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**acaparar** VERBO

1 Adquirir ou apoderarse da maior parte dunha cousa, sen a compartir cos demais.

**FAM** > Acaparador, acaparamento.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**acaramelar** VERBO

1 Converter en caramelo ou bañar de azucre a punto de caramelo.

2 **acaramelarse** Mostrarse dous namorados moi cariñosos.

**FAM** > Acaramelado.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**acarear** VERBO

1 Poñer cara a cara os protagonistas ou as testemuñas dun feito para os interrogar e descubrir a verdade. **EX** > *O xuíz acareou os acusados para ver se cada un deles dicía cousas distintas.*

**FAM** > Acareo.

**CONX** > Conxúgase coma *andar*.

**acariciar** VERBO

1 Facer caricias tocando ou rozando con moita suavidade. **Sinónimos:** **acariñar, agarimar, aloumiñar, apaxar**.

2 Esperar que se faga realidade algo desexado. **EX** > *Sempre acariciou a idea de ser millonario.*

**FAM** > Acariciador, acariciante.

**CONX** > Conxúgase coma *eloxiar*.

**acariñar** VERBO

1 Facer caricias. **Sinónimos:** **acariciar, agarimar, aloumiñar**.

**2** Tratar con cariño. **EX** ▶ *Tiñan un gato ao que acariñaban tanto que parecía un dos seus fillos.* **Sinónimos:** **agarimar, alou-miñar.**

**FAM** ▶ Acariñador.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**acartonar** VERBO

**1** Darlle a algo, ou adquirir algo, o aspecto duro e rixido do cartón.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**acaso** ADVERBIO

**1** Emprégase para indicar posibilidade ou dúbida. **EX** ▶ *Acaso o levou el e non me dixo nada. Acaso non o fixeches ti?*

**FR** ▶ **Por se acaso** Por se chega a ocorrer.

**EX** ▶ *Por se acaso non se acorda, dille que me veña ver.*

**acatamento** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Acción de se someter a unha decisión, doutrina, autoridade, lei ou orde. **Antónimo:** **desacato.**

**acatar** VERBO

**1** Aceptar e someterse a unha decisión, doutrina, autoridade, lei ou orde. **Antónimo:** **desacatar.**

**FAM** ▶ Acatamento.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**acatarrarse** VERBO

**1** Colle unha persoa un catarro. **Sinónimo:** **constiparse.**

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**acaudillar** VERBO

**1** Poñerse á fronte dun grupo e dirixilo.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**acceder** VERBO

**1** Concederlle a alguén o que solicita ou quere.

**2** Ter entrada ou paso libre a un lugar, ou a unha posición ou cargo.

**FAM** ▶ Accesíbel, accesible, acceso.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *varrer*.

**accesíbel ou accesible** ADXECTIVO

**1** Dise do lugar ao que é fácil entrar ou polo que se pode pasar sen grandes dificultades. **Antónimos:** **inaccesíbel, inaccesible.**

**2** Que é doado de comprender. **EX** ▶ *Unha explicación accesible.* **Antónimos:** **inaccesíbel, inaccesible.**

**3** Dise de quen sempre está disposto a recibir a outra persoa e falar con ela, aínda que se atope moi ocupado. **Antónimos:** **inaccesíbel, inaccesible.**

**PL** ▶ Accesíbeis, accesibles.

**acceso** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Entrada, lugar ou camiño por onde se accede a un sitio.

**2** Acción de acceder a un sitio, lugar, posición ou cargo.

**3** Ataque repentino e brusco de tose, de febre, de nervios, de alegría etc.

**FAM** ▶ Accesorio.

**accesorio, accesoria** ADXECTIVO

**1** Que depende doutra cousa e, polo tanto, non é o máis importante nin necesario. **Antónimos:** **fundamental, principal.**

SUBSTANTIVO MASCULINO

**2** **accesorio** Peza que non é a principal dunha máquina ou doutro instrumento, pero que serve para a completar ou mellorar. **EX** ▶ *Foi mercar uns accesorios para a máquina.*

**accidental** ADXECTIVO

**1** Que sucede por casualidade, sen estar previsto que ocorrese algo así.

**PL** ▶ Accidentais.

**accidentarse** VERBO

**1** Sufrir un accidente.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**accidente** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Suceso imprevisto que ocorre por casualidade e que altera a orde natural dos acontecementos. **Sinónimo:** **contratempo.**

**2** Suceso imprevisto en que algunha persoa ou cousa sofre danos. **EX** ▶ *Accidente de circulación.*

**3** En xeografía, todo desnivel brusco que altera a uniformidade do terreo. Son accidentes os cabos, golfos, montañas, barrancos etc.

**FAM** ▶ Accidentado, accidental, accidentarse.

**acción** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Todo aquilo que fai unha persoa, un animal ou unha cousa. **Sinónimos:** **acto, feito.**

**2** Influencia ou efecto que produce unha cousa ou unha persoa sobre outra. **EX** ▶ *A acción do ser humano sobre a natureza é moitas veces prexudicial.*

**3** Aquilo que ocorre nunha obra literaria, nunha película ou nunha obra de teatro.

**PL** ▶ Accións.

**FAM** ▶ Accionar.

**accionar** VERBO

**1** Poñer en marcha unha máquina ou calquera mecanismo. **Sinónimo:** **activar.**

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**acedar** VERBO

**1** Poñer aceda unha comida ou unha bebida. **Sinónimo:** **agrear.**

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**acedía** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Sensación de malestar no estómago por exceso de ácidos. **Sinónimo:** **acidez.**

**acedo, aceda** ADXECTIVO

**1** Que ten sabor semellante ao do limón ou ao do vinagre. **Sinónimos:** **ácido, agre.**

**FAM** ▶ Acedar, acedía, acedume.

**acedume** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Característica propia das cousas acedas, sabor acedo. **EX** ▶ *Botácheslle tanto limón á ensalada que ten acedume de máis.* **Sinónimo:** **acidez.**

**aceiro** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Metal moi duro que se obtén mesturando ferro con carbono.

**aceitar** VERBO

**1** Untar con aceite.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**aceite** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Líquido graxo que pode ser de orixe vexetal, animal ou mineral. É inflamable, non se mestura coa auga e ten distintos usos: para cociñar, sazonar, conservar os alimentos, na industria, na fabricación de cosméticos etc.

**FAM** ▶ Aceitar, aceiteira, aceiteiro, aceitoso.

**acelerador** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Mecanismo dos vehículos automóviles que serve para aumentar a súa velocidade, e pedal ou dispositivo que acciona ese mecanismo.

**acelerar** VERBO

**1** Aumentar a súa velocidade unha persoa, un vehículo, un proceso ou calquera outra cousa.

**FAM** ▶ Aceleración, acelerador, aceleramento.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**acelga** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Planta de horta, de follas grandes e verdes, co nervio central branco e moi desenvolvido. É comestible.

**acenar** VERBO

**1** Facer xestos ou acenos para chamar a atención de alguén ou para lle dicir algo. **Sinónimo:** **xesticular.**

**FAM** ▶ Aceno.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**acendedor** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Aparello que por medio dunha chama ou dunha chispa serve para acender.

**acender** VERBO

**1** Facer que unha cousa arda ou se poña moi quente para que dea luz ou calor. **Sinónimo:** **prender.** **Antónimo:** **apagar.**

**2** Accionar un mecanismo que permite o

paso da electricidade, que pon en funcionamento algún aparello. **Antónimo:** **apagar.**

**3** **acenderse** Poñerse rubio ou encarnado.

**EX** ▶ *Acendéuselle a cara coa vergonza que pasou.*

**FAM** ▶ Acendedor, acedemento, acendido.

**CONX** ▶ Conxúgase coma *varrer*.

**aceno** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Xesto ou sinal con que unha persoa trata de chamar a atención ou dicir algo. **Sinónimo:** **xesto.**

**FAM** ▶ Acenar.

**acento** SUBSTANTIVO MASCULINO

**1** Maior forza ou intensidade con que se pronuncia unha sílaba dunha palabra. **EX** ▶ *Se digo “casa”, a sílaba que leva o acento é “ca-” porque é a sílaba onde fago a maior forza de voz para pronunciar esta palabra; e se dixese “ferramenta”, a sílaba do acento sería “-men-”.*

**2** Signo (´) que nalgúns casos se pon sobre a vogal da sílaba que se pronuncia máis forte. **EX** ▶ *As regras de acentuación son as que din que non se lles debe poñer acento ás palabras “casa” e “ferramenta”, pero que si llelo hai que poñer a “mércores” e “camión”.*

**3** Xeito especial de pronunciar que é característico dunha persoa, dun lugar ou dun país.

**FAM** ▶ Acentuar.

**acentuación** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Acción de lles poñer o acento ás palabras ao escribilas ou ao pronuncialas.

**PL** ▶ Acentuacións.

**acentuar** VERBO

**1** Marcar o acento ao pronunciar ou ao escribir unha palabra.

**2** Facer que algo sexa máis intenso. **EX** ▶ *A enfermidade acentuoulle a tose que tiña.*

**FAM** ▶ Acentuación.

**CONX** ▶ Ver modelo de conxugación.

**acepción** SUBSTANTIVO FEMININO

**1** Cada un dos sentidos ou significados que ten unha palabra ou unha frase. **EX** ▶ *O substantivo “acentuación” ten unha acepción neste dicionario e o verbo “acceptar”, dúas.*

**PL** ▶ Acepcións.

**aceptábel ou acceptable** ADXECTIVO

**1** Que se pode aceptar porque é o bastante bo para aquilo a que vai destinado. **Sinónimos:** **admisíbel, admisible.** **Antónimos:** **intolerábel, intolerable.**

**PL** ▶ Aceptábeis, aceptables.

**aceptar** VERBO

1 Recibir voluntariamente algo que alguén ofrece.

2 Estar de acordo co que outra persoa di.

**FAM.** > Aceptábel, aceptable, aceptación.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**acerca** ÚSASE COMO: LOCUCIÓN PREPOSICIONAL

1 **acerca de** Serve para introducir o tema ou asunto de que se fala. **EX.** > *Gustárame saber a vosa opinión acerca da posibilidade de que o ser humano chegue a Marte.* Sinónimos: **con respecto a, respecto a, respecto de, sobre, verbo de.**

**acercamento** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de poñer unha cousa ou persoa máis cerca de algo ou de alguén, de facer que exista unha maior unión entre persoas ou ideas ou de estar a piques de suceder algunha cousa. Sinónimos: **achegamento, aproximación.** Antónimo: **afastamento.**

**acercar** VERBO

1 Poñer unha cousa ou persoa máis cerca de algo ou de alguén. Sinónimos: **acaroar, achegar, arrimar, aproximar.** Antónimos: **afastar, apartar, desarrimar, separar.**

2 **acercarse** Estar próxima a suceder ou chegar algunha cousa. **EX.** > *Acercábase o día en que o pai volvería da súa viaxe.* Sinónimo: **aproximarse.**

**FAM.** > Acercamento.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**acertado, acertada** ADXECTIVO

1 Dise da persoa que actúa con acerto ou daquilo que se fixo con acerto. Antónimo: **desacertado.**

**acertar** VERBO

1 Dar coa solución de algo ou lograr saber algo que non se sabía. Sinónimo: **atinar.**

2 Dar con algo no lugar ou no punto ao que se lanzou. Sinónimo: **atinar.** Antónimos: **errar, fallar.**

**FAM.** > Acertado, acertante, acerto.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**acerto** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de dar unha persoa coa solución correcta de algo ou de facer algo de xeito correcto. Antónimos: **desacerto, equivocación.**

**aceso, acesa** ADXECTIVO

1 Que se atopa ardendo ou en funcionamento. Sinónimo: **acendido.**

2 Que está excitado, cheo de paixón, de caraxe, de ira etc. Sinónimos: **apaixonado, acendido.**

**acha** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Anaco pequeno de madeira que resulta de partir leña.

2 Anaco grande de madeira ou de pedra que se obtén ao partir un pedazo maior. Sinónimo: **racha.**

**achacar** VERBO

1 Atribuírle a algo ou a alguén a autoría ou causa dalgún feito negativo ou que se pode censurar. Sinónimos: **apoñer, apor, imputar.**

**FAM.** > Achaque.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**achacoso, achacosa** ADXECTIVO

1 Que padece achaques de xeito frecuente.

**achado** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de descubrir, ou de atopar por casualidade, algunha cousa. Sinónimos: **descuberta, descubrimento.**

2 Aquilo que se descobre ou atopa. Sinónimos: **descuberta, descubrimento.**

**achancar** VERBO

1 Alancar.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**achandar** VERBO

1 Poñer unha superficie chá, eliminando o que haxa de irregular nela ata a deixar toda igual. Sinónimos: **achaiar, achanzar, aplanar, planar.**

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**achantar** VERBO

1 Soportar insultos, problemas, contratempos, contrariedades ou desgustos sen protestar.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**achaparrado, achaparrada** ADXECTIVO

1 Dise da persoa ou da cousa pouco alta e máis ben grosa.

**achaque** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Indisposición ou enfermidade habitual.

**FAM.** > Achacoso.

**achar** VERBO

1 Dar con alguén ou con algo que se buscaba ou por casualidade. Sinónimos: **atopar, encontrar.** Antónimo: **perder.**

2 Ter unha opinión definida sobre o que se trata. **EX.** > *Acho que o que ti dis non é verdade.*

Sinónimos: **coidar, considerar, pensar.**

3 **acharse** Estar nun sitio ou nunha situación determinada. **EX.** > *O que buscas áchase enriba do armario.* Sinónimos: **atoparse, encontrarse.**

**FAM.** > Achado.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**achatar** VERBO

1 Poñer unha cousa máis plana ou menos saínte.

**FAM.** > Achatamento.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**achega** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Todo aquilo que se dá ou fai para algún fin. Sinónimo: **contribución.**

**achegado, achegada** ADXECTIVO

1 Próximo, que non está lonxe. **EX.** > *A casa máis achegada á nosa está a uns cento cincuenta metros.*

ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

2 Dise da persoa que está unida a outra ou outras por lazos de parentesco, amizade etc.

**achegar** VERBO

1 Poñer unha cousa ou unha persoa a pouca distancia de algo ou de alguén. Sinónimos: **acercar, aproximar, arrimar, xuntar, chegar, acaroar, aconchegar.** Antónimos: **afastar, apartar, arredar, desarrimar, separar.**

2 Reunir e entregar cartos, datos, ideas etc. para axudar a facer algunha cousa.

3 **achegarse** Buscar a protección de alguén.

**FAM.** > Achega, achegamento.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**acibeche** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Mineral duro, negro e brillante, que se utiliza para facer adornos e xoias.

**FAM.** > Acibecheiro.

**acicalar** VERBO

1 Poñer guapo ou guapa con adornos, peiteados e cosméticos. Sinónimo: **enfeitar.**

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**acidez** SUBSTANTIVO FEMININO

1 **Ver acedume.**

2 **Ver acedia.**

**PL.** > **Acideces.**

**ácido, ácida** ADXECTIVO

1 Que ten sabor semellante ao do limón ou ao do vinagre. Sinónimos: **acedo, agre.**

2 Que está relacionado cos ácidos ou que ten algunha das súas propiedades.

SUBSTANTIVO MASCULINO

3 **ácido** Composto químico que é capaz de corroer e destruír metais.

**FAM.** > Acidez.

**aciñeira** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Árbore parecida ao carballo, de madeira moi dura. O seu froito é a landra.

**acio** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Conxunto de uvas presas ao mesmo talo.

2 Grupo de cousas miúdas colocadas de xeito parecido ás uvas que están presas ao mesmo talo.

**acivo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Árbore ou arbusto de follas perennes, duras e espiñosas, de cor verde escura, flores brancas e froito vermello en forma de bóla. Sinónimos: **acevo, xardón.**

**aclamación** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción de mostrar a súa admiración, respecto, entusiasmo, aprobación etc. unha multitude de persoas por medio de voces, aplausos ou berros.

**PL.** > **Aclamacións.**

**aclamar** VERBO

1 Dar voces, aplausos ou berros unha multitude de persoas para mostrar a súa admiración, respecto, entusiasmo, aprobación etc.

**FAM.** > Aclamación.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**aclaración** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción de explicar algo ou de facer un comentario para que unha cousa se entenda mellor. Sinónimo: **explicación.**

**PL.** > **Aclaracións.**

**aclarar** VERBO

1 Facer que algo sexa de cor máis clara. Sinónimo: **clarear.**

2 Explicar algunha cousa para que se entenda mellor ou para que alguén chegue a comprendela correctamente.

3 Quitarlle con auga o xabón a aquilo que se está lavando.

4 Desaparecer do ceo as nubes. Sinónimos: **clarear, despexar.**

**FAM.** > Aclaración, aclarado.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**aclimatar** VERBO

1 Adaptar un ser vivo a un novo clima, ambiente ou circunstancias, diferentes do que para el era habitual. **EX.** > *Custoulle aclimatare ao novo país porque a xente tiña uns costumes moi distintos dos seus.* Sinónimos: **afacer, habituar.**

**FAM.** > Aclimatábel, aclimatable, aclimatación.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

**acne** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Enfermidade da pel que se caracteriza pola aparición de grans e espiñas, sobre todo na cara e nas costas.

**OBS.** > Débese dicir, xa que logo, **a acne**, e non \***o acné**.

**acó** ADVERBIO

1 Indica un lugar próximo á persoa que fala, pero con máis imprecisión ca *aquí*. **EX.** > *Ti ven acó, que quero falar contigo.*

**acochar** VERBO

1 Cubrir con roupa para dar abrigo, sobre todo na cama. *Sinónimo: agochar.*

2 Retirar ou desaparecer da vista dos demais. *Sinónimos: agachar, agochar, esconder, ocultar.*

3 **acocharse** Meterse ou esconderse un animal no seu cocho ou tobo.

**FAM.** Acocho.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acoirazado, acoirazada** ADXECTIVO

1 Que está protexido con coiraza ou blindaxe.

## SUBSTANTIVO MASCULINO

2 **acoirazado** Barco de guerra de gran tamaño, blindado con pranchas de ferro ou de aceiro e con potentes canóns.

**FAM.** Acoirazar.

**acoitelar** VERBO

1 Ferir ou matar cun coitelo ou outra arma branca. *Sinónimo: apuñalar.*

**FAM.** Acoitelamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acolá** ADVERBIO

1 Indica lugar afastado do falante. **EX.** *A miña aldea estalle tras os montes que ve acolá.*

**OBS.** Adóitase utilizar como segundo termo nunha relación de lugar, indicando o sitio máis afastado do falante. **EX.** *Prefiro ese coche de aí ca aquel de acolá.*

**acolledor, acolledora** ADXECTIVO

1 Que sempre está disposto a axudar e a recibir os demais na súa casa. **EX.** *As tribos do deserto son moi acolledoras cos forasteiros.* *Sinónimo: hospitalario.*

2 Dise do lugar que é moi cómodo e agradable.

**acoller** VERBO

1 Admitir a alguén nun lugar ou na propia casa durante un tempo ou para sempre.

2 Recibir unha persoa, cousa, noticia etc. de certa maneira. **EX.** *Os seareiros acolleron con entusiasmo a vitoria do seu equipo.*

3 **acollerse** Protexerse da chuvia, do vento, do frío etc. **EX.** *Chegaron tarde á festa porque como chovía tiveron que se acoller nun bar ata que parou.*

**FAM.** Acolledor, acollemento, acollida.

**CONX.** Conxúgase coma *varrer*.

**acollida** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción de admitir a alguén nun lugar ou de recibir unha persoa, cousa, noticia etc. de certa maneira. *Sinónimo: acollemento.*

**acometer** VERBO

1 Lanzarse con forza contra algo ou alguén.

2 Comezar algo que se pensa que vai ser complicado ou difícil de realizar.

**FAM.** Acometida.

**CONX.** Conxúgase coma *varrer*.

**acomodado, acomodada** ADXECTIVO

1 Que está colocado no seu sitio ou con comodidade.

2 Que ten suficiente diñeiro para vivir sen problemas económicos.

**acomodar** VERBO

1 Colocar algo ou a alguén de forma conveniente ou cómoda. *Sinónimo: arrombar.* *Antónimo: descolocar.*

2 **acomodarse** Colocarse unha persoa do modo que lle resulta máis cómodo.

3 **acomodarse** Adaptarse alguén a unha nova situación ata se sentir cómodo nela.

**EX.** *Tiven que comprar un novo coche e aínda non me acomodei a el.*

**FAM.** Acomodación, acomodado, acomodador, acomodo.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acompañante** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO

1 Dise da persoa que acompaña a outra.

**acompañar** VERBO

1 Ir a algún sitio con outra persoa ou estar con ela facéndolle compañía.

2 Agregar unha cousa a outra para que vaian xuntas. **EX.** *Para ser socio do club debes cubrir esta folla e acompañala dunha fotografía túa.*

3 Tocar a música que se executa ao mesmo tempo que a melodía principal dunha composición musical.

**FAM.** Acompañamento, acompañante.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**aconchegar** VERBO

1 Poñer unha cousa ou unha persoa cerca ou a menor distancia doutra. *Sinónimos: achegar, arrimar, arreconchegar.* *Antónimos: afastar, apartar, arredar.*

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acondicionar** VERBO

1 Poñer algunha cousa ou lugar nas condicións adecuadas e propicias para un determinado uso ou finalidade.

**FAM.** Acondicionador, acondicionamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**aconsellábel ou aconsellable** ADXECTIVO

1 Que merece ser aconsellado porque se considera bo ou beneficioso para algo. **EX.** *Creo que o máis aconsellable para a túa saúde é que deixes de fumar.*

**PL.** Aconsellábeis, aconsellables.

**aconsellar** VERBO

1 Recomendarlle a alguén que faga ou non faga algunha cousa. *Antónimo: desaconsellar.*

**FAM.** Aconsellábel, aconsellable.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acontecemento** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Todo aquilo que sucede, sobre todo cando ten importancia ou é algo extraordinario.

**acontecer** VERBO

1 Producirse algún feito. **EX.** *Isto que che estou dicindo aconteceu na rúa, xusto en fronte da miña casa.* *Sinónimos: pasar, ocorrer, suceder.*

**FAM.** Acontecemento.

**CONX.** Conxúgase coma *varrer*.

**acorar** VERBO

1 Respirar con dificultade a consecuencia da calor, da fatiga, dunha emoción, da angustia etc. *Sinónimos: ampear, arfar, arquexar, bafexar, folguexar, abafar, afogar, atafegar, asfixiar, sufocar.*

**FAM.** Acoramento, acoro.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acordar** VERBO

1 Tomar unha decisión determinada unha soa persoa ou varias.

2 Deixar de durmir. *Sinónimos: espertar, recordar.*

3 Recordar unha cousa. **EX.** *Aínda acorda os fiadeiros.* *Antónimo: esquecer.*

**FAM.** Acordanza, acorde, acordo.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acorde** ADXECTIVO

1 Dise da persoa ou da cousa que coincide con outra. **EX.** *Como sobre este tema os dous pensamos o mesmo, podemos dicir que as nosas opinións son acordes.*

## SUBSTANTIVO MASCULINO

2 Conxunto de sons combinados para que soen con harmonía.

**acordeón** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Instrumento musical de vento que consta dun fol, un teclado e un xogo de botóns. Cólgame por diante do corpo e tócase abrindo e cerrando o fol mentres se pulsan as teclas.

**PL.** Acordeóns.

**FAM.** Acordeonista.

**acordo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Decisión que toman varias persoas. **EX.** *Chegamos a un acordo: se eu fago a comida, el despois lava os pratos.*

2 Conformidade entre persoas, que fai que se leven ben. **EX.** *Hai un bo acordo entre os*

*dous, nunca discutimos.* *Sinónimo: concordia.* *Antónimo: desacordo.*

3 Idea que lle vén á mente a alguén. *Sinónimos: acordanza, ocorrencia.*

**FR.** **De acordo** Utilízase para indicar que se ten a mesma opinión ca outra persoa ou que se acepta algunha cousa.

**acoro** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Dificultade para respirar. *Sinónimos: abafar, afogo, asfixia, atafego, sufocación.*

**acorrer** VERBO

1 Prestarlle axuda a alguén nunha necesidade ou nun perigo. *Sinónimos: auxiliar, axudar, valer.*

**FAM.** Acorro.

**CONX.** Conxúgase coma *varrer*.

**acosar** VERBO

1 Perseguir insistentemente a unha persoa ou un animal.

2 Molestar a alguén de forma repetida para conseguir algo desa persoa. *Sinónimo: abafar.*

**FAM.** Acoso.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acostumar** VERBO

1 Adquirir unha persoa ou un animal un costume, ou adaptarse a unha situación diferente do que para el era o habitual. *Sinónimos: afacer, avezar, habituar.* *Antónimos: desavezar, deshabituar.*

2 Ter o costume de facer unha cousa habitualmente ou con certa frecuencia. *Sinónimo: adoitar.*

**FAM.** Acostumado.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acofío** ADVERBIO

1 A diario, todos os días. **EX.** *Dúchome acofío.* *Sinónimo: decote.*

**acougar** VERBO

1 Permanecer ou poñerse alguén tranquilo, sosegado. *Sinónimos: aquietar, calmar-se, sosegarse, tranquilizarse.*

**FAM.** Acougo.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**acougo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Estado da persoa que está tranquila fisicamente ou que non ten preocupacións. **EX.** *Tiña unha ferida no corpo que non lle daba acougo.* *Sinónimos: calma, descanso, sosego.*

*Antónimos: desacougo, desasosego.*

**acoutar** VERBO

1 Limitar dalgún xeito un terreo ou lugar, para o converter en couto. *Sinónimo: coutar.*

2 Reservar, prohibir ou limitar o uso de algo.

**FAM.** Acoutamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acovardar VERBO

1 Facerlle sentir medo a alguén, ou coller medo alguén. *Sinónimos: amedrentar, atemorizar.*

**FAM.** Acovardado, acovardamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acre ADXECTIVO

1 Áspero e picante.

### acrecentar VERBO

1 Facer que algo sexa máis grande en tamaño, importancia, intensidade etc. *Sinónimos: aumentar, incrementar.*

**FAM.** Acrecentábel, acrecentable, acrecentamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acreditar VERBO

1 Demostrar a autenticidade de alguén ou de algo. *Sinónimo: aboar.*

2 Darlle algo sona, creto ou reputación a unha persoa ou unha cousa.

**FAM.** Acreditado.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acredor, acreedora ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Que ten dereito a esixir o cumprimento dalgunha obrigación ou pagamento.

### ADXECTIVO

2 Que é merecedor dalgún premio, cargo etc.

### acrobacia SUBSTANTIVO FEMININO

1 Cada un dos exercicios que realiza un acróbata.

**FAM.** Acróbata, acrobático.

### acróbata SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO

1 Persoa que fai arriscados exercicios de habilidade e equilibrio sobre a corda frouxa, no trapecio, nun avión etc.

### acta SUBSTANTIVO FEMININO

1 Papel onde se recolle por escrito e de forma resumida o sucedido, tratado ou acordado nunha reunión, nunha competición deportiva, nun tribunal, nunha votación etc.

### actitude SUBSTANTIVO FEMININO

1 Postura do corpo humano que revela unha intención ou estado determinados.

2 Estado de ánimo ou forma de comportarse que ten unha persoa. *Sinónimo: postura.*

### activar VERBO

1 Facer máis rápido ou máis intenso. *Sinónimo: acelerar.*

2 Poñer en marcha algunha cousa mediante o mecanismo que a fai funcionar. *Sinónimo: accionar.* *Antónimo: desactivar.*

**accionar.** *Antónimo: desactivar.*

**FAM.** Activación, actividade, activista.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### actividade SUBSTANTIVO FEMININO

1 Estado daquilo que se move, que funciona ou que realiza unha acción. *Antónimo: pasividade.*

2 Conxunto de labores, accións e movementos.

### activo, activa ADXECTIVO

1 Que está en funcionamento ou que ten a capacidade para entrar en funcionamento cando sexa necesario. *Antónimos: pasivo, inactivo.*

2 Dise da persoa que sempre está facendo algo e que realiza moitas actividades con enerxía e rapidez. *Sinónimo: dinámico.* *Antónimos: pasivo, inactivo.*

**FAM.** Activar.

### acto SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Calquera cousa que fai alguén.

2 Acontecemento público onde se reúnen unha serie de persoas para asistir a un espectáculo, celebrar unha festa, presenciar unha entrega de premios etc.

3 Cada unha das partes en que se divide unha obra de teatro.

**FAM.** Actuar.

### actor, actriz SUBSTANTIVO

1 Persoa que representa un dos personaxes nunha obra teatral, cinematográfica, radiofónica ou televisiva.

**PL.** Actores, actrices.

### actual ADXECTIVO

1 Que existe ou sucede agora, neste momento ou nesta época. *Sinónimo: presente.*

**PL.** Actuais.

**FAM.** Actualidade, actualizar.

### actualizar VERBO

1 Facer que sexa actual, que estea posto ao día e non resulte vello, anticuado ou desfasado. *Sinónimo: modernizar.*

**FAM.** Actualización.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### actuar VERBO

1 Facer algunha cousa ou comportarse de certa maneira.

2 Producir un determinado efecto sobre algo.

**EX.** *Este veneno actúa moi rápido e mata en poucos segundos.*

3 Representar un papel nunha película ou nunha obra teatral.

**FAM.** Actuación, actuante.

**CONX.** Conxúgase coma *acentuar*.

### acuarela SUBSTANTIVO FEMININO

1 Técnica pictórica sobre papel ou cartón que emprega cores diluídas en auga.

2 Cadro pintado con esta técnica.

### acuario SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Depósito de auga onde se manteñen vivos animais e vexetais acuáticos.

2 Edificio destinado á exhibición de animais acuáticos vivos.

### acuático, acuática ADXECTIVO

1 Dise dos seres vivos que viven na auga.

2 Dise daquilo que pertence á auga ou que ten relación con ela. **EX.** *Só lle gustan os deportes acuáticos.*

### acubillar VERBO

1 Dar protección cubrindo con roupa ou calquera outra cousa que sirva de abrigo. **EX.** *Acubillou na súa chaqueta o canciño que acababa de nacer.*

2 Axudar ou proporcionarlle auxilio a alguén.

**EX.** *Os seus amigos acubillaron o ladrón para que non o collese a policía.*

**FAM.** Acubillo.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acudir VERBO

1 Ir a un sitio ou frecuentar un lugar por algunha razón determinada.

2 Buscar axuda ou ir un mesmo en axuda doutra persoa. **EX.** *Acudiu ao avó para lle pedir un favor.*

**CONX.** Conxúgase coma *fuxir*.

### acueduto SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Conduto artificial para transportar auga, especialmente o que abastece de auga potable unha poboación.

### acumulación SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción de xuntar ou reunir cousas iguais ou de distinto tipo en abundancia.

**PL.** Acumulacións.

### acumular VERBO

1 Xuntar ou reunir cousas iguais ou de distinto tipo en abundancia. *Sinónimos: amontoar, amorear.*

**FAM.** Acumulábel, acumulable, acumulación, acumulador.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acuñar VERBO

1 Poñerlle cuñas a algo, para o cortar, fender ou impedir que se mova. *Sinónimo: calzar.*

**OBS.** Non se debe confundir con **cuñar** (=facer moedas; inventar unha palabra ou unha frase e popularizala).

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acurralar VERBO

1 Meter o gando no curral.

2 Levar ou perseguir unha persoa ou un animal ata un lugar do que non poida escapar.

*Sinónimo: acantoar.*

3 Colocar a alguén nunha situación sen saída.

**EX.** *Coas súas preguntas o xuíz acurrallou o acusado e este confesou que el era o ladrón.*

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acurrunchar VERBO

1 Poñer nun curruncho. *Sinónimo: acantoar.*

2 **acurruncharse** Encoller o corpo para esconderse, defenderse do frío, dun ataque etc. *Sinónimos: acuruxarse, engruñarse.*

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acurtar VERBO

1 Facer que a lonxitude ou a duración de algo sexa menor. *Sinónimos: abreviar, reducir.* *Antónimos: alongar, prolongar.*

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acuruxarse VERBO

1 Encollerse unha persoa para se defender do frío, dun ataque, para se esconder, ocupar menos espazo etc. *Sinónimos: acurruncharse, engruñarse.*

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acusación SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción de culpar a alguén dalgunha cousa e aquilo que se di cando se acusa a unha persoa de facer algo malo.

2 Conxunto de fiscais, avogados ou persoas que acusan alguén nun xuízo.

**PL.** Acusacións.

### acusar VERBO

1 Atribuírle a alguén algún defecto, un vicio etc.

2 Botarlle a alguén a culpa dunha mala acción. *Sinónimo: culpar.*

3 Sinalar a unha persoa como responsable dun determinado crime, delito ou falta que é castigada pola lei.

**FAM.** Acusación, acusado, acusador, acusón.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

### acústico, acústica ADXECTIVO

1 Pertencente ao órgano do oído ou aos sons, ou relacionado con eles. **EX.** *Unha onda acústica.*

### adaptación SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción de modificar algunha cousa para que resulte adecuada a un determinado fin ou necesidade, e a mesma cousa unha vez modificada.

2 Proceso polo que un ser vivo se adapta a unha nova situación ou a unhas condicións distintas das que coñecía.

**PL.** Adaptacións.

**adaptar** VERBO

1 Modificar algunha cousa para que resulte adecuada a un determinado fin ou necesidade.

2 **adaptarse** Acostumarse un ser vivo a unhas condicións distintas das que para el eran habituais.

**FAM.** ▶ Adaptábel, adaptable, adaptación, adaptador.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**adecuar** VERBO

1 Facer que algo sexa apropiado para algunha cousa ou que se adapte a unha nova situación.

**FAM.** ▶ Adecuación, adecuado.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *acentuar*.

**adega** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Parte da casa, xeralmente subterránea, onde se garda o viño e outras bebidas. **Sinónimos:** **bodega, cava.**

**FAM.** ▶ Adegueiro.

**adelgazar** VERBO

1 Perder peso e quedar delgado. **Sinónimos:** **enfraquecer, enmagrecer.** **Antónimo:** **engordar.**

**FAM.** ▶ Adelgazamento, adelgazante.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**ademais** ADVERBIO

1 Emprégase para lle engadir algo máis ao que xa se dixo. **EX.** ▶ *É un bo amigo e, ademais, xeneroso.* **Sinónimo:** **amais.**

**ademán** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Movemento ou actitude con que se manifesta un sentimento ou unha intención. **EX.** ▶ *Fixo o ademán de saudarnos, pero non se atreveu.*

SUBSTANTIVO MASCULINO PLURAL

2 **ademáns** Modos, maneiras particulares dunha persoa. **EX.** ▶ *Os seus ademáns non se corresponden coa educación que recibiu, debería ser máis amable.*

**PL.** ▶ *Ademáns.*

**aderezar** VERBO

1 Preparar un alimento engadíndolle adobos ou aderezos para lle dar máis sabor. **Sinónimos:** **adobar, condimentar, sazonar.**

2 Poñer todo tipo de adobíos para ter un aspecto máis atractivo. **Sinónimos:** **adobiar, engalanar.**

**FAM.** ▶ Aderezo.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**adestramento** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de adestrar un animal ou unha persoa ata conseguir o dominio dunha determinada habilidade.

**adestrar** VERBO

1 Conseguir que unha persoa ou animal teñan unha determinada habilidade por medio dos exercicios adecuados. **Sinónimo:** **exercitar.**

2 **adestrarse** Realizar unha persoa os exercicios necesarios para ser hábil en algo, ou para non perder a habilidade que xa posuía. **Sinónimo:** **exercitarse.**

**FAM.** ▶ Adestrador, adestramento.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**adeus** INTERXECCIÓN

1 Expresión que se usa para se despedir. **EX.** ▶

*Adeus, xa marchol!* **Sinónimo:** **abur.**

SUBSTANTIVO MASCULINO

2 Despedida. **EX.** ▶ *Volveu atrás e abrazouse a el para lle dar o último adeus.*

**adherir** VERBO

1 Pegar ou unir unha cousa a outra. **Antónimos:** **desapegar, despegar.**

2 **adherirse** Mostrarse de acordo cunha opinión, idea etc., ou unirse a un partido político, sindicato ou a calquera outro tipo de organización.

**FAM.** ▶ Adherencia, adhesión, adhesivo.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *advertir*.

**adhesivo, adhesiva** ADXECTIVO

1 Que serve para pegar ou que se pega.

SUBSTANTIVO MASCULINO

2 **adhesivo** Substancia que serve para pegar.

3 **adhesivo** Obxecto, xeralmente tea, papel ou plástico, que é posible pegalo directamente nunha superficie porque xa vén provisto de pegamento.

**adiamento** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de deixar para outro día algunha cousa que había que facer. **Sinónimo:** **aprazamento.**

**adiantamento** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de pasar diante de algo ou de alguén ou de facer que algo suceda antes do tempo que estaba previsto.

**adiantar** VERBO

1 Mover ou levar cara a diante.

2 Poñerse diante de algo ou alguén por ir a máis velocidade e deixalo atrás.

3 Facer que algo suceda antes do tempo que estaba previsto. **Sinónimo:** **anticipar.** **Antónimos:** **adiar, aprazar, atrasar, delongar, pospoñer, pospor, retardar.**

**FAM.** ▶ Adiantado, adiantamento, adianto.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**adiante** ADVERBIO

1 Nun lugar anterior ou que está máis alá de onde un se atopa. **EX.** ▶ *Cando vou ao cine sempre sento nas filas de adiante.* **Sinónimo:** **dianete.** **Antónimos:** **atrás, detrás.**

2 En dirección á fronte. **EX.** ▶ *Non podemos seguir adiante porque unha pedra bloqueaba o camiño.* **Antónimo:** **atrás.**

**FR.** ▶ **Por adiante** Pola parte anterior. **EX.** ▶ *Vai por adiante da casa que xa che abro eu a porta para que entres.* **Sinónimo:** **por dianete.** **Antónimos:** **por atrás, por detrás.**

**adianto** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de adiantar unha cousa ou de suceder ou facer que suceda antes do tempo que estaba previsto.

2 Acción de adiantar diñeiro antes do momento en que se tiña que pagar, e a mesma cantidade de diñeiro que se adianta. **Sinónimo:** **anticipo.**

3 Avance social, científico etc. que mellora a vida das persoas.

**adiar** VERBO

1 Deixar para outro día algunha cousa que había que facer. **Sinónimos:** **aprazar, atrasar, delongar, pospoñer, pospor, pos-tergar, retardar.** **Antónimos:** **adiantar, anticipar.**

**FAM.** ▶ Adiamiento.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *afiar*.

**adición** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Necesidade que ten unha persoa de consumir habitualmente algún tipo de droga.

**PL.** ▶ *Adicións.*

**adición** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción que consiste en engadir unha cousa a outra.

2 Operación matemática que ten por obxecto reunir varias cantidades nunha soa. **Sinónimo:** **suma.**

**PL.** ▶ *Adicións.*

**FAM.** ▶ Adicional.

**adicto, adicta** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Dise de quen se inclina moito en favor dunha persoa, dunha idea, dun partido etc., ou está sometido a certos hábitos dos que non pode prescindir.

2 Dise da persoa que está dominada polo consumo de drogas.

**adiviña** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Frase ou pregunta enxeñosa que serve para se entreter descubrindo a súa resposta. **Sinónimo:** **adiviñanza.**

**adiviñar** VERBO

1 Predicir o futuro ou descubrir o que está oculto por medio de artes máxicas.

2 Acertar alguén a resposta ou a solución dalgunha cousa.

**FAM.** ▶ Adiviña, adiviñación, adiviñanza, adiviño.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**adiviño, adiviña** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Dise da persoa que adiviña o futuro ou descobre aquilo que está oculto por medio de conxecturas, intuición ou artes máxicas.

**administración** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción de organizar e dirixir unha economía e coidar duns bens ou intereses.

2 Conxunto de organismos do Estado encargados de administrar os intereses e servizos públicos.

**PL.** ▶ *Administracións.*

**administrar** VERBO

1 Dirixir ou coidar dos bens ou intereses dunha persoa, entidade ou empresa.

2 Gobernar sobre un país, un territorio ou as persoas que o habitan.

3 Aplicarlle a alguén un medicamento ou un sacramento.

4 Regular ou graduar o uso dunha cousa para a proveitar mellor, para que dure máis etc.

**FAM.** ▶ Administración, administrador, administrativo.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.

**admirábel ou admirable** ADXECTIVO

1 Dise das persoas ou cousas que son dignas de ser admiradas ou tomadas como modelo.

**PL.** ▶ *Admirábeis, admirables.*

**admiración** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Entusiasmo, impresión provocada por aquilo que se sulga extraordinario, fermoso ou perfecto.

**OBS.** ▶ Nótese que non ten o significado de 'signo ortográfico (!)', para o cal utilizaremos o substantivo **exclamación**.

**PL.** ▶ *Admiracións.*

**admirar** VERBO

1 Causar algo sorpresa, pracer ou entusiasmo por ser extraordinario ou inesperado.

**EX.** ▶ *A súa singular beleza admiroume.* **Sinónimos:** **marabillar, sorprenden.**

2 Sentir admiración por algo ou alguén, ou contemplalo con admiración, sorpresa, interese ou pracer.

**FAM.** ▶ Admirábel, admirable, admiración, admirador.

**CONX.** ▶ Conxúgase coma *andar*.



**admitir** VERBO

1 Recibir ou deixar entrar a alguén nun lugar ou nun grupo.

2 Permitir que unha cousa se produza, se leve a cabo ou se desenvolva. **EX** Admitía todas as críticas que lle quixesen facer.

3 Mostrarse de acordo con algo, dalo por certo ou válido. **EX** Admitiu que fora el o que comera todo o pastel.

**FAM** Admisíbel, admisible, admisión.

**CONX** Conxúgase coma *partir*.

**adobio** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Adorno posto para engalananar ou mellorar o aspecto de algo ou de alguén. **Sinónimos:** **aderezo, adorno.**

**FAM** Adobiar.

**adobo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Conxunto de condimentos para conservar ou lle dar sabor ás carnes e aos peixes. **Sinónimos:** **aderezo, adubo, aliño.**

**FAM** Adobar.

**adoecer** VERBO

1 Enfermar.

2 Adquirir a enfermidade da rabia.

3 Enfurecerse, desesperarse, perder a calma.

4 Desexar algo con ansia.

**CONX** Conxúgase coma *varrer*.

**adoitar** VERBO

1 Ter por costume facer algunha cousa. **Sinónimo:** **acostumar.**

2 Ser algo habitual ou frecuente.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**adoito, adoita** ADXECTIVO

1 Que ten costume ou experiencia en algo. **Sinónimos:** **afeito, acostumado.**

2 Que ten destreza ou coñecementos nun ámbito ou materia. **Sinónimo:** **destro.**

**FAM** Adoitar.

**adolescencia** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Período da vida do ser humano que segue á nenez ou infancia. Iníciase aproximadamente aos doce anos e conclúe aos dezaioito ou vinte.

**FAM** Adolescente.

**adolescente** ADXECTIVO

1 Que é propio da adolescencia.

ADXECTIVO, SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO

2 Dise da persoa que se atopa na adolescencia.

**adoptar** VERBO

1 Tomar ou recibir como fillo propio o que naceu doutros pais. **Sinónimo:** **porfillar.**

2 Adquirir como propia unha opinión, unha doutrina, un costume etc.

3 Tomar unha decisión, un acordo etc., despois de o pensar ou discutir con alguén.

4 Adaptarse á forma de algo, por exemplo un líquido ao recipiente que o contén.

**FAM** Adopción, adoptivo.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**adoptivo, adoptiva** ADXECTIVO

1 Dise da persoa que adopta a outra ou que foi adoptada por outra. **EX** Pai adoptivo. Fillo adoptivo.

**adorábel ou adorable** ADXECTIVO

1 Dise da persoa que inspira simpatía, agrado ou cariño. **Sinónimo:** **encantador.**

**PL** Adorábeis, adorables.

**adorar** VERBO

1 Reverenciar e honrar a un deus, ou a persoas ou cousas que se consideran divinas ou sagradas.

2 Amar extremadamente outra persoa.

3 Gustar moito unha cousa.

**FAM** Adorábel, adorable, adoración, adorador.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**adormecer** VERBO

1 Empezar a durmir.

2 Perder o movemento ou a sensibilidade dunha parte do corpo.

**FAM** Adormecemento.

**CONX** Conxúgase coma *varrer*.

**adornar** VERBO

1 Preparar algo ou a alguén con adornos para o facer máis atraente, belo, interesante etc. **Sinónimos:** **adobiar, enfeitar, engalananar.**

2 Servir algo de adorno. **EX** As cortinas sempre adornan moito nunha casa.

**FAM** Adorno.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**adorno** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Aquilo que serve para embelecer fisicamente lugares, cousas ou persoas. **Sinónimo:** **adobio.**

**adoutrinar** VERBO

1 Instruír a alguén nunha doutrina.

2 Ensinarlle a alguén o que se debe dicir ou facer.

**FAM** Adoutrinamento.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**adozar** VERBO

1 Facer que algo teña un sabor máis doce. **Sinónimo:** **azucarar.**

2 Facer menos forte e máis suave o sufrimento, o rigor, a severidade, a violencia, a rudeza etc.

**FAM** Adozamento, adozante.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**adquirir** VERBO

1 Mercar algunha cousa e converterse no seu dono. **Antónimo:** **vender.**

2 Chegar a ter algunha calidade, habilidade etc. **EX** Adquiriu sona de agarrado.

**FAM** Adquiridor, adquisición, adquisitivo.

**CONX** Conxúgase coma *partir*.

**adquisición** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción de adquirir algunha cousa. **Sinónimo:** **compra.** **Antónimo:** **venda.**

2 Cousa adquirida ou comprada.

**PL** Adquisicións.

**adrede** ADVERBIO

1 Con intención deliberada. **EX** Faime a cambadela e logo dime que non foi adrede.

**Sinónimos:** **á mantenta, a propósito.**

**adro** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Terreo, normalmente cerrado, que se atopa diante ou ao redor dunha igrexa. **Sinónimo:** **adral.**

**aduana** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Oficina pública situada en portos, aeroportos e fronteiras, onde se rexistran as mercadorías importadas ou exportadas e se cobran taxas por elas. **Sinónimo:** **alfándega.**

**FAM** Aduaneiro.

**adulador, aduladora** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Dise da persoa que adula os demais para conseguir algo deles. **Sinónimo:** **afagador.**

**adular** VERBO

1 Gabar excesivamente a unha persoa por servilismo ou por propio interese para conseguir algo dela. **Sinónimo:** **afagar.**

**FAM** Adulación, adulador.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**adulterar** VERBO

1 Diminuír a pureza e a calidade dunha cousa ao mesturala con outra.

**FAM** Adulterábel, adulterable, adulteración, adulterador.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**adulto, adulta** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Dise da persoa que chegou ao final do seu crecemento físico, intelectual e emocional, e daquilo que está relacionado con este estado.

**EX** Unha revista para adultos.

ADXECTIVO

2 Dise do animal ou do vexetal que chegou ao final do seu crecemento.

**adverbial** ADXECTIVO

1 Relativo ao adverbio ou que ten algunha das súas características e usos.

**PL** Aduerbiais.

**adverbio** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Palabra que modifica a significación do verbo, do adxectivo, doutro adverbio, ou dunha oración enteira. Os adverbios non cambian de xénero nin de número. **EX** “Máis” e “menos” son adverbios de cantidade.

**FAM** Adverbial.

**adversario, adversaria** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Dise da persoa ou grupo de persoas contrarias ou inimigas doutra persoa ou doutro grupo. **Sinónimo:** **rival.** **Antónimo:** **partidario.**

**adversidade** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Mala sorte ou situación desgraciada que non se esperaba. **Sinónimo:** **infortunio.**

**adverso, adversa** ADXECTIVO

1 Que é contrario, desfavorable ou que prexudica dalgunha forma.

**FAM** Adversario, adversidade.

**advertencia** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Palabra, sinal ou escrito que advirte dalgunha cousa, chama a atención sobre algo ou aconsella o que se debe facer.

**advertir** VERBO

1 Darse conta de algo.

2 Aconsellar a alguén que non faga algo porque lle pode traer malas consecuencias.

**FAM** Advertencia.

**CONX** Ver modelo de conxugación.

**adxectivo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Palabra que acompaña un substantivo ao que complementa ou do que sinala algunha característica. **EX** O adxectivo concorda co substantivo en xénero e número.

**FAM** Adxectivación, adxectar.

**adxudicar** VERBO

1 Declarar que unha cousa lle corresponde ou pertence a alguén que aspiraba a ela competindo con outras persoas. **Sinónimo:** **asignar.**

**FAM** Adxudicábel, adxudicable, adxudicación.

**CONX** Conxúgase coma *andar*.

**aéreo, aérea** ADXECTIVO

1 Que está relacionado co aire ou que sucede ou se desenvolve no aire.

2 Pertencente ou relativo á aviación e aos avións. **EX** Liñas aéreas.

**FAM** Antiaéreo.

**aeromodellismo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Construción e proba en voo de modelos de avións a escala reducida, con fins recreativos.

**aeronáutica** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Ciencia que se dedica ao deseño, construción

e manexo de aparellos de navegación aérea.

**Sinónimo:** **aviación**.

**FAM.** > Aeronáutico.

### aeroporto SUBANTIVO MASCULINO

**1** Conxunto de instalacións preparadas para a chegada e saída de avións ou aeronaves e para o transporte de mercadorías e pasaxeiros nestas.

### afábel ou afable ADXECTIVO

**1** Dise da persoa amable, agradable e cariñosa no seu trato cos demais. **Antónimo:**

**arisco.**

**PL.** > Afábeis, afables.

**FAM.** > Afabilidade.

### afacer VERBO

**1 Ver acostumar.**

**FAM.** > Afeito.

**CONX.** > Conxúgase coma *facer*.

### afagar VERBO

**1** Tratar a alguén con admiración e afecto por interese ou comenencia propia. **Sinónimo:** **adular.**

**2** Producir algo agrado, satisfacción ou vaidade. **EX.** > *As palabras que lle dedicou no discurso afagárono moito.*

**FAM.** > Afagador, afago.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### afamado<sup>1</sup>, afamada ADXECTIVO

**1** Que ten fama ou sona. **Sinónimo:** **famoso.**

### afamado<sup>2</sup>, afamada ADXECTIVO

**1** Que ten ou que pasa moita fame. **Sinónimos:** **esfameado, famento.**

### afán SUBANTIVO MASCULINO

**1** Desexo moi intenso que ten alguén. **Sinónimos:** **ansia, ambición, anhelo, arela, cobiza, degoxo, devezo.**

**2** Interese e preocupación que se ten por algo ou por alguén. **Sinónimo:** **ansia.**

**PL.** > Afáns.

**FAM.** > Afanarse, afanoso.

### afastado, afastada ADXECTIVO

**1** Que se atopa lonxe de algo ou de alguén. **Antónimos:** **próximo, veciño.**

### afastar VERBO

**1** Mover para un lado de xeito que quede libre un espazo, un camiño de paso etc. **Sinónimos:** **apartar, arredar.** **Antónimos:** **acaroar, acercar, aconchegar, achegar.**

**2** Poñer ou estar lonxe ou máis lonxe aínda dun lugar, dunha persoa, dun costume etc. **Sinónimo:** **apartar.**

**FAM.** > Afastado, afastamento.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### afear VERBO

**1** Facer que algo ou alguén pareza feo ou presente un aspecto pouco estético.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### aficionado, aficionada ADXECTIVO, SUBANTIVO

**1** Dise da persoa que cultiva algunha arte, algún deporte ou outra actividade por gusto, sen cobrar por o facer. **Sinónimo:** **aficionado.**

**2** Dise da persoa que sente afección por algo ou alguén. **Sinónimo:** **aficionado.**

### aficionar VERBO

**1** Facer adquirir ou adquirir un mesmo algún interese, gusto ou inclinación por algo ou alguén. **EX.** > *Afeccionouse á fotografía.*

**FAM.** > Afección, afeccionado.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### afectado, afectada ADXECTIVO

**1** Que está moi emocionado ou impresionado por algunha cousa.

### ADXECTIVO, SUBANTIVO

**2** Dise da persoa que sufriu algún accidente ou prexuízo.

### afectar VERBO

**1** Incidir dalgunha maneira en algo ou alguén para o prexudicar ou beneficiar. **EX.** > *A lei que acaban de aprobar afecta só ás persoas maiores de idade.*

**2** Provocar algunha cousa noutra persoa unha forte impresión, xeralmente negativa.

**FAM.** > Afectado.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### afectivo, afectiva ADXECTIVO

**1** Pertencente ou relativo ao afecto ou á sensibilidade dunha persoa.

**2** Que se encariña ou colle afecto facilmente.

**FAM.** > Afectividade.

### afecto SUBANTIVO MASCULINO

**1** Sentimento de cariño ou simpatía por algo ou alguén.

**FAM.** > Afectivo, afectuoso.

### afeitado SUBANTIVO MASCULINO

**1** Corte do pelo de calquera parte do corpo, cunha máquina ou cunha coitela, a rentes da pel.

### afeitar VERBO

**1** Cortar a rentes o pelo da cara. **Sinónimo:** **barbear.**

**2** Cortar a rentes o pelo de calquera outra parte do corpo.

**FAM.** > Afeitado.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### aferrar VERBO

**1** Prender ou agarrar fortemente algo ou alguén co obxecto de que non caia ou non se mova.

**2 aferrarse** Quedar unha cousa prendida ou enganchada.

**3 aferrarse** Manter alguén unha idea, unha opinión etc. con tenacidade e negarse a abandonala.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### aferrollar VERBO

**1** Pechar con ferrollo.

**2** Gardar algo con moito celo.

**FAM.** > Aferollamento.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### afervoadado, afervoadada ADXECTIVO

**1** Que manifesta fervor ou entusiasmo. **Sinónimo:** **apaixonado.**

### afervoar VERBO

**1** Comezar a ter febre.

**2** Infundir fervor ou encherse del.

**FAM.** > Afervoadado, afervoamento.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### afialapis SUBANTIVO MASCULINO

**1** Instrumento para lles sacar punta aos lapis.

**EX.** > *Nesta tenda venden un afialapis moi bonito.* **Sinónimo:** **aguzalapis.**

**PL.** > Afialapis.

### afianzar VERBO

**1** Darlle máis firmeza, seguridade ou consistencia a algo para que non se mova.

**2** Facer máis segura ou firme unha idea, unha crenza, un coñecemento ou unha opinión.

**FAM.** > Afianzamento.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### afiar VERBO

**1** Facerlle fío a un obxecto para que corte mellor ou sacarlle punta a algunha cousa. **Sinónimo:** **aguzar.**

**FAM.** > Afiado, afiador.

**CONX.** > Ver modelo de conjugación.

### afiliación SUBANTIVO FEMININO

**1** Acción de facer membro a alguén ou entrar un mesmo como membro dunha sociedade, dun grupo, dun partido político etc.

**PL.** > Afiliacións.

**FAM.** > Afiliar, afiliado.

### afillado, afillada SUBANTIVO

**1** Persoa con respecto ao seu padriño ou madriña. **EX.** > *Luis é afillado meu porque no seu bautizo eu fun o padriño.*

**FAM.** > Afillar.

### afín ADXECTIVO, SUBANTIVO

**1** Que ten semellanza con algo ou alguén. **Sinónimos:** **próximo, semellante, par.**

**PL.** > Afíns.

**FAM.** > Afinidade.

### afinar VERBO

**1** Facer máis fina ou delgada unha cousa.

**2** Perfeccionar, darlle o toque final a algo.

**3** Facer que un instrumento musical soe ben.

**Antónimo:** **desafinar.**

**FAM.** > Afinador.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### afinidade SUBANTIVO FEMININO

**1** Coincidencia ou semellanza de caracteres, opinións, gustos etc. entre algo ou alguén.

### afirmación SUBANTIVO FEMININO

**1** Acción de dicir que algo é certo e verdadeiro ou de se ratificar no dito con insistencia. **Antónimo:** **negación.**

**PL.** > Afirmacións.

### afirmar VERBO

**1** Poñer unha cousa firme e segura para que non se mova. **Sinónimos:** **asegurar, fincar.**

**2** Dicir que algo é certo e verdadeiro. **Sinónimos:** **asegurar, aseverar.** **Antónimo:** **negar.**

**3 afirmarse** Ratificarse no dito con insistencia. **Sinónimos:** **fincarse, porfiar.**

**FAM.** > Afirmación, afirmativo.

**CONX.** > Conxúgase coma *andar*.

### aflixir VERBO

**1** Causar ou sentir molestia, sufrimento, pena, tristeza, angustia etc. **Sinónimo:** **atribular.**

**Antónimo:** **consolar.**

**FAM.** > Aflición, afliximento.

**CONX.** > Conxúgase coma *partir*.

### afluencia SUBANTIVO FEMININO

**1** Acción e efecto de correr un líquido e ir dar a un sitio. **EX.** > *Afluencia de sangue á cara.*

**2** Reunión de persoas ou cousas nun mesmo lugar. **Sinónimo:** **concorrenca.**

### afluente SUBANTIVO MASCULINO

**1** Río que desemboca noutro río máis grande.

**FAM.** > Afluencia.

### afogar VERBO

**1** Matar ou morrer por inmersión nun líquido ou por falta da respiración. **EX.** > *Botoulle as mans ao pescozo e afogouno. Case afoga coa carabuña dunha cereixa.*

**2** Provocar algunha cousa, ou sentir un mesmo, a sensación de non poder respirar. **EX.** > *Neste cuarto afogo.* **Sinónimos:** **abafar, acorar.** **Antónimo:** **desabafar.**

**3** Privar da respiración ou dificultala. **Sinónimos:** **abafar, asfixiar, atafegar, sufocar.**

**4 afogarse** Suicidarse unha persoa por inmersión nun líquido ou ao privarse da respiración.

**FAM.** Afogado, afogamento, afogo.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**afogo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Dificultade para respirar. *Sinónimos: abafó, acoro, asfixia, atafego.*

2 Apuro ou dificultade pola que pasa alguén. *Sinónimo: abafó. Antónimo: desabafo.*

**afondar** VERBO

1 Facer que algo sexa máis profundo, en especial un buraco.

2 Estudar, examinar ou meditar moito para coñecer algo moi ben.

**FAM.** Afondamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**afonía** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Perda ou diminución da voz por lesións na larinxe ou as cordas vocais. *Sinónimo: rouquén.*

2 Alteración da voz que fai que esta soe áspera e pouco clara. Pódese deber a unha doenza da gorxa ou ser a forma propia de falar dunha persoa. *Sinónimo: rouquén.*

**FAM.** Afónico.

**afónico, afónica** ADXECTIVO

1 Dise da persoa que ten afonía. *Sinónimos: rouco, roufeño.*

**aforas** SUBSTANTIVO FEMININO PLURAL

1 Espazo que está arredor dunha poboación ou cerca dela. *Sinónimos: alfoz, arrabalde, arredores, periferia, veciñanza.*

**aforcar** VERBO

1 Matar a alguén colgándoo polo pescozo ou quitarse a vida un mesmo de igual xeito. *Sinónimo: enforcar.*

**FAM.** Aforcado, aforcamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**aforrar** VERBO

1 Reducir o consumo dalgunha cousa para conseguir que dure máis.

2 Gardar o diñeiro para o ter en reserva e podelo utilizar en caso de necesidade.

3 Evitar un traballo ou eludir algún inconveniente ou molestia.

**FAM.** Aforrador, aforro, aforrón.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**aforro** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de gastar o menos posible dunha cousa para que dure máis.

2 **aforros** Diñeiro que se aforrou. *Sinónimo: economías.*

**afortunado, afortunada** ADXECTIVO

1 Que ten boa sorte. *Sinónimo: ditoso. Antónimo: malfadado.*

2 Que trae felicidade, ou que está dominado pola boa sorte. *Sinónimo: ditoso. Antónimo: malfadado.*

3 Que é acertado ou oportuno para o momento en que sucede. *Sinónimo: ditoso.*

**afouto, afouta** ADXECTIVO

1 Que actúa con valor e seguridade en si mesmo, sen temer os perigos e dificultades.

*Sinónimos: animoso, audaz, valente, varudo, ousado. Antónimo: covarde.*

**afronta** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Dito ou feito con que se ofende ou deshonra a alguén. *Sinónimos: inxuria, aldraxe, ultraxe.*

**afrontar** VERBO

1 Facer fronte a perigos, dificultades etc. *Sinónimo: encarrar. Antónimo: evitar.*

2 Facerlle fronte a alguén.

3 Ofender ou deshonorar a unha persoa. *Sinónimos: aldraxar, ultraxar.*

**FAM.** Afronta, afrontamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**afrouxar** VERBO

1 Poñer frouxo ou máis frouxo aquilo que estaba apertado.

2 Perder forza ou diminuír algo a súa intensidade. *Sinónimo: abrandar.*

**FAM.** Afrouxamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**afumar** VERBO

1 Poñer unha cousa ao fume, especialmente un alimento para o conservar e lle dar sabor.

2 Encher ou cubrir algo de fume.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**afundimento** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de penetrar algunha cousa ata o fondo doutra, e de caer ou facer que caia unha construción polo chan ou algo ou alguén nunha situación de desgraza, desánimo etc.

2 Feito de afundir unha embarcación na auga. *Sinónimo: naufraxio.*

**afundir** VERBO

1 Penetrar ou facer penetrar algo ata o fondo dun líquido ou dun corpo sólido. *Sinónimo: fundir.*

**FAM.** Afundimento.

**CONX.** Conxúgase coma *partir*.

**agachadas** ÚSASE COMO: LOCUCIÓN ADVERBIAL

1 **ás agachadas** En segredo, ocultamente, sen que se vexa. **EX.** *Para que non nos descubran teremos que nos ver ás agachadas. Sinónimo: ás escondidas.*

**agachar** VERBO

1 Retirar ou desaparecer da vista dos demais. *Sinónimos: acochar, agochar, esconder, ocultar.*

**FR.** **Agachar as orellas** Calar, non lle replicar a alguén.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agardar** VERBO

1 Permanecer nun lugar ata que chegue unha persoa ou cousa ou suceda algo. *Sinónimo: esperar.*

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agarimar** VERBO

1 Tratar con cariño ou agarimo. *Sinónimos: acariciar, acariñar, aloumiñar.*

2 Protexer ou darlle abrigo ou amparo a alguén.

**FAM.** Agarimador, agarimo.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agarimo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Sentimento de ternura, cariño, simpatía etc. que se sente por alguén.

2 Acción de protexer ou amparar a alguén.

**FAM.** Agarimoso.

**agarimoso, agarimosa** ADXECTIVO

1 Que manifesta agarimo, que trata os demais con agarimo ou que o sente el mesmo.

*Sinónimos: cariñoso, doce, tenro.*

**agarrado, agarrada** ADXECTIVO

1 Que está collido, preso ou pegado.

2 Dise da persoa que aforra o diñeiro en exceso porque non lle gusta nada dalo nin gastalo. *Sinónimos: amarrado, cutre.*

**agarradoira** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Asa, mango ou parte dalgún obxecto por onde este se agarra.

**agarrar** VERBO

1 Coller ou suxeitar algo fortemente coas mans.

2 Coller unha enfermidade, un vicio, un enfado, unha borracheira etc.

3 Botaren raíces as plantas.

**FAM.** Agarrada, agarrado, agarradoira.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agás** PREPOSICIÓN

1 A excepción de, fóra de. **EX.** *Todos me trouxeron un regalo agás ti. Sinónimos: aga, agá, bardante, excepto, menos, quitado, quitando, sacado, sacando, salvo, tirante.*

**agasallar** VERBO

1 Tratar a alguén con hospitalidade e demostrarlle moito aprecio con regalos, mostras de afecto, atencións etc. *Sinónimo: obsequiar.*

**FAM.** Agasalleiro, agasallo.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agasallo** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción ou regalo con que se lle mostra a outra persoa afecto ou consideración.

**agatuñar** VERBO

1 Subir, coa axuda dos pés e as mans unha persoa, ou coas patas e as uñas tratándose dun animal, por un pau, unha árbore, unha parede etc. *Sinónimos: aganchar, gabear, gatear, rubir.*

2 Medrar unha planta envolvéndose ou apoiándose nun pau, nunha árbore, parede etc. *Sinónimos: aganchar, gabear, gatear, rubir.*

**FAM.** Agatuñador.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**aglomeración** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Concentración de moitas persoas ou cousas que están moi xuntas no mesmo lugar.

**PL.** *Aglomeracións.*

**agochar** VERBO

1 **Ver acochar.**

**FAM.** Agocho.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agoirar** VERBO

1 Predicir algo, xeralmente negativo, que vai ocorrer, baseándose para iso en sinais ou indicios.

**FAM.** Agoireiro, agoiro.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agoiro** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Sinal, anuncio ou indicio de que vai ocorrer algo malo.

**agonía** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Dor e sufrimento en que se atopa a persoa ou o animal que está morrendo.

2 Pena, preocupación ou sufrimento físico moi grande que padece alguén.

**FAM.** Agoniar.

**agoniar** VERBO

1 Causar ou sentir agonía, aflición ou angustia. *Sinónimos: angustiarse, atormentar, atribular.*

2 **agoniarse** Enfadarse, anoxarse.

**FAM.** Agoniado.

**CONX.** Conxúgase coma *afiar*.

**agonizante** ADXECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Que agoniza. *Sinónimo: moribundo.*

**agonizar** VERBO

1 Estar a punto de morrer unha persoa ou un animal.

2 Estar unha cousa a punto de desaparecer.

**FAM.** Agonizante.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agosto** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Oitavo mes do ano, entre xullo e setembro. Ten 31 días.

**agora** ADVERBIO

1 Nesta hora, neste xusto momento. *Sinónimo:* **arestora**.

2 Un pouco antes ou despois do momento presente. **EX.** *Espera un minuto, agora vou.*

**FR.** **De agora en diante** No futuro, a partir deste momento.

**agra** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Extensión grande de terra de cultivo, dividida en leiras que pertencen a varios donos.

**agraciado, agraciada** ADJECTIVO

1 Dise da persoa dotada de certa beleza ou encanto.

ADJECTIVO, SUBSTANTIVO

2 Dise da persoa á que lle tocou un premio nun concurso ou nun xogo.

**agradábel ou agradable** ADJECTIVO

1 Que produce agrado, pracer ou satisfacción. *Sinónimo:* **gustoso**. *Antónimos:* **desagradábel, desagradable**.

**PL.** *Agradábeis, agradables.*

**agradar** VERBO

1 Producir unha persoa ou unha cousa agrado, pracer ou satisfacción. *Sinónimos:* **compracer, gustar, pracer**. *Antónimos:* **desagradar, desgustar**.

**FAM.** Agradábel, agradable, agrado.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agradecemento** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Acción de dar as grazas ou mostrarlle gratitude a alguén. *Sinónimos:* **gratitude, recoñecemento**. *Antónimo:* **ingratitude**.

**agradecer** VERBO

1 Dar as grazas ou mostrar gratitude por un favor ou beneficio recibido.

2 Mostrar unha cousa os efectos benéficos de algo. **EX.** *A herba agradece a rega.*

**FAM.** Agradecemento, agradecido.

**CONX.** Conxúgase coma *varrer*.

**agrado** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Sentimento de benestar, gusto ou satisfacción que produce algo. *Antónimos:* **desagrado, desgusto, noxo**.

**agrandar** VERBO

1 Facer algo máis grande ou que pareza máis grande do que é. *Sinónimo:* **augmentar**. *Antónimo:* **diminuír**.

**FAM.** Agrandamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agrario, agraria** ADJECTIVO

1 Pertencente ou relativo ao agro.

**agrarar** VERBO

1 Empeorar ou facer que empeore o estado de algo ou de alguén.

**FAM.** Agravación, agravamento, agravante.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agre** ADJECTIVO

1 Que ten sabor semellante ao do limón ou ao do vinagre. *Sinónimos:* **acedo, ácido**.

2 Que é pouco simpático ou amable. *Sinónimo:* **acedo**.

**FAM.** Agrear, agrume.

**agredir** VERBO

1 Cometer unha agresión sobre un país ou unha persoa.

**FAM.** Agresión, agresividade, agresivo, agresor.

**CONX.** Conxúgase coma *advertir*.

**agregar** VERBO

1 Unir cousas ou persoas para formar un só grupo ou un conxunto.

2 Engadir algo ao que xa está dito ou escrito.

**FAM.** Agregación, agregado.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agresión** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Ataque militar contra un país.

2 Ataque violento contra unha persoa.

3 Acción que vai en contra de algo ou de alguén, sen que exista violencia física. **EX.** *Contaminar o mar é unha agresión á natureza.*

**PL.** *Agresións.*

**agresividade** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Característica propia das persoas, animais ou cousas que agriden ou teñen tendencia a agredir ou atacar.

**agresor, agresora** ADJECTIVO, SUBSTANTIVO

1 Que comete unha agresión.

**agrícola** ADJECTIVO

1 Que pertencente á agricultura ou está relacionado con ela.

**agricultor, agricultora** SUBSTANTIVO

1 Persoa que ten por oficio labrar ou cultivar a terra.

**agricultura** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Labranza ou cultivo da terra para obter dela produtos útiles ao ser humano.

**FAM.** Agrícola, agricultor.

**agridoce** ADJECTIVO

1 Que é de sabor agre e doce ao mesmo tempo.

**agro** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Terreo destinado ao cultivo, xeralmente de

pequeno tamaño, que pertence a unha soa persoa.

2 Conxunto de actividades relacionadas coa agricultura. *Sinónimo:* **campo**.

**FAM.** Agrario.

**agromar** VERBO

1 Botaren gromos ou gomos as plantas. *Sinónimos:* **abrochar, afillar**.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agrupación** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Acción de reunir cousas ou persoas segundo un criterio determinado.

**PL.** *Agrupacións.*

**agrupar** VERBO

1 Formar un grupo, ou varios, reunindo persoas, cousas ou animais segundo un criterio determinado. *Sinónimos:* **reunir, unir, xuntar**. *Antónimo:* **dispersar**.

**FAM.** Agrupación, agrupamento.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**aguacate** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Árbore tropical, orixinaria de América, duns dez metros de altura.

2 Froito desta árbore. É comestible e semella unha pera grande de cor verde e pel rugosa e dura.

**aguantar** VERBO

1 Soster a alguén ou algo de forma que non caia ou non se mova.

2 Soportar con paciencia algunha cousa que resulta desagradable.

3 **aguantarse** Manterse en pé, sen caer.

**FAM.** Aguante.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agudizar** VERBO

1 Facer máis agudo ou intenso. **EX.** *A súa enfermidade agudizouse e el púxose peor.*

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**agudo, aguda** ADJECTIVO

1 Que acaba en punta ou que ten gume.

2 Dise da persoa que é enxeñosa, lista ou intelixente, e das cousas que di ou escribe, onde o amosa.

3 De moita intensidade, dito dunha dor, dun olor, dun sabor etc.

4 Dise da palabra que leva o acento na derradeira sílaba. **EX.** *“Doutor” e “canón” son palabras agudas.*

5 Dise do son que é moi fino e forte.

**FR.** **Agudo coma un allo** Moi listo.

**FAM.** Agudeza, agudizar.

**aguia** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Ave rapaz diúrna, de gran envergadura, co

peteiro curvo, garras fortes e afiadas e vista moi aguda. *Sinónimo:* **aiga**.

SUBSTANTIVO MASCULINO E FEMININO

2 Persoa moi lista, que entende as cousas con rapidez e sabe sacar partido delas. **EX.** *É un aguia para os negocios.* *Sinónimo:* **lince**.

**FAM.** Aguiacho.

**aguillada** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Vara que se usa para estimular os animais e facelos andar. *Sinónimo:* **aguilloada**.

**aguillar** VERBO

1 Picar coa aguillada. *Sinónimo:* **aguillar**.

2 Incitar a alguén para que faga algo. *Sinónimo:* **aguillar**.

**FAM.** Aguillada, aguillón.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**aguillar** VERBO

1 Aguillar.

**FAM.** Aguilloada.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.

**aguillón** SUBSTANTIVO MASCULINO

1 Puga para picar que teñen na extremidade do abdome os escorpións, as abellas e outros insectos. *Sinónimo:* **ferrete**.

**PL.** *Aguillóns.*

**aguila** SUBSTANTIVO FEMININO

1 Barriña afiada nun extremo e cun ollo no outro por onde se pasa un fío, corda etc., que se usa para coser, bordar ou tecer.

2 Tubiño metálico cortado oblicuamente por un extremo e polo outro unido a unha xirringa, que se emprega para inxectar ou extraer líquidos.

3 Puga de metal ou doutro material que traballa sobre unha superficie plana, como a que se despraza sobre un disco, a que marca as horas, os minutos ou os segundos nun reloxo etc.

4 Cada un dos raís móbiles que facilitan o cambio de vía dos ferrocarrís.

5 Peixe mariño de corpo delgado e longo, coas mandíbulas en forma de bico. A súa carne é dura e seca.

**FR.** **Buscar unha aguila nun palleiro** Empeñarse en conseguir unha cousa imposible ou moi difícil.

**FAM.** Agulleiro.

**aguzar** VERBO

1 Facer máis aguda a punta ou o gume dunha arma, dun instrumento cortante etc. *Sinónimo:* **afiar**.

2 Facer o entendemento ou algún sentido máis agudo. *Sinónimo:* **avivar**.

**CONX.** Conxúgase coma *andar*.